



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 240

IX lexislatura

19 de febreiro de 2014

Fascículo 2

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación co Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia referido ao plan de traballo de 2012 e propostas de resolución aprobadas [57790](#)

1.3.8.3. Informe de fiscalización dos gastos electorais

Propostas de resolución aprobadas relativas Informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012 [57791](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

- 18907 (09/CPC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición de tres deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para informar sobre o funcionamento da Agrupación Europea de Cooperación Territorial e do cumprimento do Plan estratéxico da cooperación Galicia-norte de Portugal [57798](#)

- 19169 (09/CPC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. presidenta do Consello Consultivo de Galicia, por petición de 4 deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para valorar a Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia [57799](#)

SUMARIO

- 19293 (09/CPC-000120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da directora da Axencia de Turismo de Galicia, por petición de 3 deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para informar do Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016 [57801](#)

- 19550 (09/CPC-000122)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, por solicitude dos grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, en relación coas normas impostas aos traballadores e traballadoras do ente público no que atinxe ao uso dos sistemas informáticos e da súa imaxe e vestimenta [57802](#)

- 19443 (09/CPC-000121)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por solicitude da Xunta de Galicia, para informar do acordo de autorización da resolución dos contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional da Cidade da Cultura [57803](#)

1.4.3. Interpelacións

- 18138 - 18906 (09/INT-000655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre o mantemento da *World Fishing Exhibition* en Vigo [57804](#)

- 18943 (09/INT-000678)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre a política aeroportuaria prevista pola Xunta de Galicia para o ano 2014 [57807](#)

- 18963 (09/INT-000679)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre a política do Goberno galego para mellorar a confianza empresarial en Galicia [57810](#)

- 19051 (09/INT-000680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación en que se atopa o sector pesqueiro a consecuencia do mal tempo [57812](#)

- 19146 (09/INT-000682)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a política en materia laboral [57815](#)

- 19165 (09/INT-000683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os plans de eliminar un terzo das oficinas do Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) en Galicia [57818](#)

- 19173 (09/INT-000684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector público e os empregados públicos [57820](#)

- 19286 (09/INT-000685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o impacto dos temporais nas infraestruturas e mobiliario público, nos sectores económicos e nas propiedades particulares [57823](#)

- 19298 (09/INT-000686)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e 2 máis

Sobre o impacto nos tres aeroportos galegos da eventual privatización de AENA [57825](#)

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

- 18912 (09/POP-001715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a convocatoria da praza de dirección do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero [57828](#)

- 18913 (09/POP-001716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as razóns da eliminación de titulacións determinantes na llistaxe provisional de persoas admitidas no proceso de selección da

praza de dirección do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero [57831](#)

- 18915 (09/POP-001717)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da situación existente no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela [57834](#)

- 19041 (09/POP-001718)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a situación da empresa concesionaria cara ao pagamento dos danos ocasionados pola rotura dunha das balsas da canteira do monte Neme, no concello de Carballo, o día 10 de febreiro de 2014 [57836](#)

- 19049 (09/POP-001719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de ingresos do sector pesqueiro para afrontar as obrigas económicas contraídas [57838](#)

- 19053 (09/POP-001720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis
Sobre a invitación ao Concello de Vigo a participar en Fitur 2014 [57841](#)

- 19056 (09/POP-001721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo ente público Portos de Galicia para mellorar o actual porto de Panxón [57843](#)

- 19128 (09/POP-001722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de restablecer o seguro do mal tempo para as persoas traballadoras do mar [57845](#)

- 19135 (09/POP-001723)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre a data prevista pola Consellería de Sanidade para o inicio da reparación das deficiencias estruturais existentes no Hospital do Meixoeiro, de Vigo [57850](#)

- 19148 (09/POP-001724)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dunha política propia en materia laboral [57852](#)

- 19161 (09/POP-001725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar o peche de oficinas do Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) en Galicia [57854](#)

- 19172 (09/POP-001726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non acatar as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos [57856](#)

- 19281 (09/POP-001727)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación cos danos causados polos temporais [57858](#)

- 19299 (09/POP-001728)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa diante do Goberno central da non privatización de AENA e o mantemento do carácter público da rede aeroportuaria, nomeadamente da galega [57860](#)

- 19319 (09/POP-001729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as melloras que precisa a estación de autobuses de Pontevedra [57863](#)

- 19327 (09/POP-001730)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada, para a súa posterior negociación cos representantes sindicais dos traballadores, da resolución e circular ditadas pola CRTVG respecto da imaxe, vestimenta e actuación do cadro de persoal, así como os usos dos sistemas informáticos [57869](#)

- 19275 (09/POP-001731)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Hospital Novoa Santos, de Ferrol [57871](#)

- 19369 (09/POP-001732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro do Cantábrico noroeste para o ano 2014 [57873](#)

- 19373 (09/POP-001733)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia das posibilidades de uso do proxecto Videoguard, ou sistema de videovixilancia intelixente, na protección e defensa dos recursos mariños [57875](#)

- 19376 (09/POP-001734)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos danos ocasionados polos sucesivos temporais nas infraestruturas portuarias da franxa costeira galega [57877](#)

- 19404 (09/POP-001735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as intencións da Consellería de Sanidade de iniciar os traballos de ampliación do Hospital Comarcal do Salnés a mediados do ano 2014 [57879](#)

- 19415 (09/POP-001736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as dificultades que ocasiona aos contribuíntes a obriga de presentación da declaración do IVE á Axencia Tributaria a través da internet [57881](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

- 19497 (09/PUP-000086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego do acordo acadado para resolver os contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional da Cidade da Cultura de Galicia [57884](#)

- 19551 (09/PUP-000088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quintas Álvarez, María Remedios e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para posibilitarles ás persoas traballadoras galegas a percepción das indemnizacións do Fondo de Garantía Social [57886](#)

- 19568 (09/PUP-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis
Sobre as informacións publicadas nos xornais respecto do cobramento de axudas de custo no Consello do Porto de Ferrol [57888](#)

- 19590 (09/PUP-000090)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel e 2 máis
Sobre as intencións do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas que contribúa a superar a actual situación de crise económica das persoas traballadores do sector do mar [57890](#)

- 19591 (09/PUP-000091)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as características e as medidas de seguridade que está a defender a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Fomento para o remate da liña de alta velocidade ferroviaria Ourense-Santiago [57892](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

- 19504 (09/POPX-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a posición que vai defender o presidente da Xunta de Galicia diante da reforma da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo [57894](#)

- 19510 (09/POPX-000060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da reforma da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo [57895](#)

- 19589 (09/POPX-000061)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as medidas previstas pola Presidencia da Xunta de Galicia para atallar a corrupción nas institucións públicas galegas [57896](#)

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Rexeitamento da iniciativa

- 17047 (09/PNC-001392)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria dos galegos emigrados afectados pola perda do dereito ás prestacións sanitarias unha vez superados os 90 días de estancia no estranxeiro [57795](#)

- 17158 (09/PNC-001401)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a creación dunha unidade de anticorrupción galega [57796](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.2. Memoria de actividades

Recomendacións aprobadas relativas á memoria anual do Consello de Contas correspondente ao ano 2012 e informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia [57796](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na reunión do 14 de febreiro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame e das propostas de resolución pola Comisión

- 10740 (09/ICON-000002)

Consello de Contas

Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2012 e informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia

BOPG nº 148, do 06.08.2013

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2014

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª

Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación co Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia referido ao plan de traballo de 2012 e propostas de resolución aprobadas

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na súa sesión do día 14 de febreiro de 2014, á vista do informe elaborado pola Ponencia en relación co Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia referido ao plan de traballo de 2012, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o ditame e as propostas de resolución seguintes:

Ditame

Apróbase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2010.

Propostas de resolución pola Comisión

Resolución núm. 1 (Proposta núm. 1 do G.P. Popular de Galicia)

Apróbase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2010.

Resolución núm. 2 (Proposta núm. 2 do G.P. Popular de Galicia.)

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a render información detallada sobre as operacións de gasto realizadas a través das habilitacións de pagamento, co obxectivo de coñecer o destino final destes gastos.

Resolución núm. 3 (Proposta núm. 3 do G.P. Popular de Galicia)

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe traballando na liña de anticipar a rendición da Conta xeral da Comunidade Autónoma, da Conta xeral do Sergas e o informe de actividade económico-financieira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da Comunidades Autónoma, coa finalidade de que este poida aproximar os mencionados informes ao exercicio en curso; incluíndo para iso a posibilidade de reformar o prazo establecido no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Resolución núm. 4 (Transacción coas propostas de resolución núms. 4 do G.P. Popular de Galicia, 8 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, 1 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda e 2 do G.P. dos Socialistas de Galicia)

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asumir todas as recomendacións dos informes do Consello de Contas. No caso de que exista algún incumprimento, deberá dar explicación das causas que o orixinaron.

Resolución núm. 5 (Proposta núm. 5 do G.P. Popular de Galicia)

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que informe anualmente ao Parlamento de Galicia, a través da correspondente comisión, das actuacións realizadas para facer o seguimento do cumprimento das recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

Resolución núm. 6 (Proposta núm. 6 do G.P. Popular de Galicia)

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, en relación coas modificacións de crédito, se realice unha mellor planificación plurianual dos fondos europeos que evite que, ao final de cada exercicio, se distorsione o orzamento autorizado e o seu grao de execución e se xere un excesivo emprego das incorporacións orzamentarias previstas no artigo 71 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Esta medida será especialmente tida en conta de cara á programación do gasto do novo programa operativo da Unión Europea para o período 2014-2020.

Resolución núm. 7 (Proposta núm. 7 do G.P. Popular de Galicia –subsumida a núm. 4 do G.P. dos Socialistas de Galicia–)

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, unha vez xa postos en marcha os mecanismos oportunos para recoller de forma axeitada o inventario de bens da Administración autonómica, se avance na elaboración dun novo inventario de bens inmoebles da Administración autonómica.

Resolución núm 8 (Proposta núm. 3 do Bloque Nacionalista Galego)

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que realice as actuacións correspondentes de cara a que todos os organismos e entidades utilicen o idioma galego na súa relación co Consello de Contas.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2014

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Presidente da Comisión

María do Carme Adán Villamarín
Secretaria en funcións da Comisión

1.3.8.3. Informe de fiscalización dos gastos electorais

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na súa sesión do día 14 de febreiro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación das propostas de resolución

- 7952 (09/IFIS-000001)

Consello de Contas

Informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012

BOPG nº 167, do 26.09.2013

Resolución número 1 (Proposta núm. 1 do G.P. dos Socialistas de Galicia –subsumida a núm. 1 do G.P. Popular de Galicia–)

Aprobar o Informe de fiscalización das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012.

Resolución número 2 (Proposta núm. 2 do G.P. Popular de Galicia)

Impulsar a efectividade das recomendacións incluídas no Informe de fiscalización das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012, coa suficiente antelación, antes do vindeiro proceso electoral.

Resolución núm. 3 (Proposta núm. 1 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda)

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer un réxime sancionador claro en relación co incumprimento de información a terceiros e dos límites establecidos pola lei electoral

Resolución núm. 4 (Proposta núm. 2 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda)

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver a normativa legal para incluír nela os novos mecanismos e soportes de comunicación relacionados coas tecnoloxías da información e comunicación (TIC)

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2014

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de febreiro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 18907 (09/CPC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición de tres deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para informar sobre o funcionamento da Agrupación Europea de Cooperación Territorial e do cumprimento do Plan estratéxico da cooperación Galicia-norte de Portugal
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 19169 (09/CPC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. presidenta do Consello Consultivo de Galicia, por petición de 4 deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para valorar a Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19293 (09/CPC-000120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da directora da Axencia de Turismo de Galicia, por petición de 3 deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para informar do Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 19550 (09/CPC-000122)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, por solicitude dos grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, en relación coas normas impostas aos traballadores e traballadoras do ente público no que atinxe ao uso dos sistemas informáticos e da súa imaxe e vestimenta
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

Admisión a trámite, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 19443 (09/CPC-000121)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por solicitude da Xunta de Galicia, para informar do acordo de autorización da resolución dos contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional da Cidade da Cultura
Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 18138 - 18906 (09/INT-000655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre o mantemento da *World Fishing Exhibition* en Vigo

A Mesa admítea coa reformulación efectuada no documento núm. 18906.

- 18943 (09/INT-000678)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre a política aeroportuaria prevista pola Xunta de Galicia para o ano 2014

- 18963 (09/INT-000679)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre a política do Goberno galego para mellorar a confianza empresarial en Galicia

- 19051 (09/INT-000680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación en que se atopa o sector pesqueiro a consecuencia do mal tempo

- 19146 (09/INT-000682)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a política en materia laboral

- 19165 (09/INT-000683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os plans de eliminar un terzo das oficinas do Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) en Galicia

- 19173 (09/INT-000684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector público e os empregados públicos

- 19286 (09/INT-000685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o impacto dos temporais nas infraestruturas e mobiliario público, nos sectores económicos e nas propiedades particulares

- 19298 (09/INT-000686)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e 2 máis

Sobre o impacto nos tres aeroportos galegos da eventual privatización de AENA

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 18912 (09/POP-001715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a convocatoria da praza de dirección do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

- 18913 (09/POP-001716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as razóns da eliminación de titulacións determinantes na listaxe provisional de persoas admitidas no proceso de

selección da praza de dirección do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

- 18915 (09/POP-001717)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da situación existente no Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 19041 (09/POP-001718)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a situación da empresa concesionaria cara ao pagamento dos danos ocasionados pola rotura dunha das balsas da canteira do monte Neme, no concello de Carballo, o día 10 de febreiro de 2014

- 19049 (09/POP-001719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de ingresos do sector pesqueiro para afrontar as obrigas económicas contraídas

- 19053 (09/POP-001720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre a invitación ao Concello de Vigo a participar en Fitur 2014

- 19056 (09/POP-001721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo ente público Portos de Galicia para mellorar o actual porto de Panxón

- 19128 (09/POP-001722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de restablecer o seguro do mal tempo para as persoas traballadoras do mar

- 19135 (09/POP-001723)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre a data prevista pola Consellería de Sanidade para o inicio da reparación das deficiencias estruturais existentes no Hospital do Meixoeiro, de Vigo
- 19148 (09/POP-001724)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dunha política propia en materia laboral
- 19161 (09/POP-001725)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar o peche de oficinas do Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) en Galicia
- 19172 (09/POP-001726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non acatar as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos
- 19281 (09/POP-001727)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación cos danos causados polos temporais
- 19299 (09/POP-001728)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa diante do Goberno central da non privatización de AENA e o mantemento do carácter público da rede aeroportuaria, nomeadamente da galega
- 19319 (09/POP-001729)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as melloras que precisa a estación de autobuses de Pontevedra
- 19327 (09/POP-001730)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada, para a súa posterior negociación cos representantes sindicais dos traballadores, da resolución e circular dadas pola CRTVG respecto da imaxe, vestimenta e actuación do cadro de persoal, así como os usos dos sistemas informáticos
- 19275 (09/POP-001731)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Hospital Novoa Santos, de Ferrol
- 19369 (09/POP-001732)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro do Cantábrico noroeste para o ano 2014
- 19373 (09/POP-001733)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia das posibilidades de uso do proxecto Videoguard, ou sistema de videovixilancia intelixente, na protección e defensa dos recursos mariños
- 19376 (09/POP-001734)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos danos ocasionados polos sucesivos temporais nas infraestruturas portuarias da franxa costeira galega
- 19404 (09/POP-001735)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as intencións da Consellería de Sanidade de iniciar os traballos de ampliación do Hospital Comarcal do Salnés a mediados do ano 2014

- 19415 (09/POP-001736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre as dificultades que ocasiona aos contribuíntes a obriga de presentación da declaración do IVE á Axencia Tributaria a través da internet

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 19497 (09/PUP-000086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do acordo acadado para resolver os contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional da Cidade da Cultura de Galicia

- 19551 (09/PUP-000088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para posibilitarles ás persoas traballadoras galegas a percepción das indemnizacións do Fondo de Garantía Social

- 19568 (09/PUP-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre as informacións publicadas nos xornais respecto do cobramento de axudas de custo no Consello do Porto de Ferrol

- 19590 (09/PUP-000090)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas que contribúa a superar a actual situación de crise económica das persoas traballadores do sector do mar

- 19591 (09/PUP-000091)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as características e as medidas de seguridade que está a defender a Xunta de Galicia diante do Ministerio de

Fomento para o remate da liña de alta velocidade ferroviaria Ourense-Santiago

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 19504 (09/POPX-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a posición que vai defender o presidente da Xunta de Galicia diante da reforma da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

- 19510 (09/POPX-000060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da reforma da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

- 19589 (09/POPX-000061)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as medidas previstas pola Presidencia da Xunta de Galicia para atallar a corrupción nas institucións públicas galegas

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 18 de febreiro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 17047 (09/PNC-001392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria dos galegos emigrados afectados pola perda do dereito ás prestacións sanitarias unha vez superados os 90 días de estancia no estranxeiro

BOPG nº 230, do 04.02.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17158 (09/PNC-001401)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a creación dunha unidade de anticorrupción galega
BOPG nº 230, do 04.02.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2014

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.2. Memoria de actividades

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na reunión do 14 de febreiro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación das recomendacións

- 10740 (09/MCON-000002)

Consello de Contas

Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia do ano 2012 e informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia

BOPG nº 148, do 06.08.2013

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a que siga incrementando o esforzo de aproximar os seus informes á cronoloxía dos exercicios fiscalizados.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a que, unha vez asinado o convenio de colaboración entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das Contas xerais das entidades locais, se continúe informando, difundindo e facilitando a rendición telemática das contas dos entes locais de Galicia.

Así mesmo, instase o Consello de Contas a que procure unha coordinación de medidas para facilitar a rendición telemática da Conta xeral da Administración autonómica.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a manter con carácter periódico os informes sobre a actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da C.A., presentado por vez primeira no exercicio de 2006.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a levar a cabo a fiscalización da estabilidade orzamentaria das entidades locais.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a incluír nos planos anuais de fiscalización aquelas corporacións locais que, de xeito reiterado, incumpren a obriga de presentación das súas contas anuais.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a incluír na programación dos seus planos anuais de fiscalización a realización dun informe de fiscalización específico sobre a evolución do gasto de investimento público da Administración autonómica e do seu impacto económico sobre o tecido empresarial de Galicia.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe co obxecto de verificar o grao de cumprimento sobre a publicidade e transparencia levadas a cabo nos distintos procedementos de contratación das entidades que conforman o sector público autonómico.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2014

María Soledad Soneita Tajés

Vicepresidenta 2ª

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **M^a Soledad Soneira Tajés** e dos seus deputados **José Luis Méndez Romeu e Pablo García García**, ao abeiro do disposto no artigo 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á tramitación urxente de **comparecencia en Comisión permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos, do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea**, para informar sobre o funcionamento da Agrupación Europea de Cooperación Territorial e do cumprimento do Plan Estratéxico da Cooperación Galicia-Norte de Portugal.

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 07/02/2014 10:20:35

José Luís Méndez Romeu na data 07/02/2014 10:20:48

Pablo García García na data 07/02/2014 10:20:55

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 44, 98 e 143 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación da comparecencia urxente en **Comisión 1.ª da presidenta do Consello Consultivo de Galicia**.

O Pleno do Parlamento de Galicia do día 11 de febreiro de 2014, tomou en consideración a Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario Popular, do Consello Consultivo de Galicia.

O artigo 44 do Regulamento do Parlamento de Galicia establece que, a través da Presidencia do Parlamento, as Comisións poden solicitar a presenza de funcionarios e autoridades.

Parece conveniente procurar a comparecencia da actual presidencia do Consello Consultivo de Galicia, co obxecto de coñecer a súa valoración ou informe sobre a Proposición de lei presentada; o que redundaría nunha visión mais completa e experta sobre a proposta presentada, a vez que contribuiría a realizar unha valoración mais axustada por parte dos grupos parlamentarios ao respecto das posibles emendas a presentar. Se acadaría, ademais, deste xeito a lóxica participación da Institución galega sobre a que se legislará.

Por todo o anterior, se solicita que, con carácter previo á presentación de emendas ao articulado, se proceda á comparecencia na Comisión competente, da Presidencia do actual Consello Consultivo de Galicia en relación á Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia admitida a trámite.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2014

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Beatriz Sestayo Doce
M^a Soledad Soneira Tajés
Vicente Docasar Docasar

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

José Luís Méndez Romeu na data 12/02/2014 09:48:43

Beatriz Sestayo Doce na data 12/02/2014 09:49:12

María Soledad Soneira Tajés na data 12/02/2014 09:49:20

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/02/2014 09:49:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Álvarez e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e membros da Comisión 6ª, ao abeiro do disposto no artigo 98 e 144, solicitan a esa Mesa a tramitación da **comparecencia urxente en Comisión da directora da Axencia de Turismo de Galicia**, para informar do Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 12/02/2014 18:09:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2014 18:09:50

Beatriz Sestayo Doce na data 12/02/2014 18:09:57

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os grupos parlamentares da Alternativa Galega da Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos seus voceiros, ao abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **SOLICITUDE DE COMPARECENCIA URXENTE na comisión de control da compañía da CRTVG do director xeral do CRTVG**, en relación coas normas impostas aos traballadores e traballadoras do ente público no que atinxe ao uso dos sistemas informáticos e da súa imaxe e vestimenta.

Compostela, 17 de febreiro do 2014.

Asdo: Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Francisco Xesús Jorquera Caselas

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/02/2014 13:47:57



Xosé Manuel Beiras Torrado na data 17/02/2014 14:20:10



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 4ª “Educación e Cultura” do secretario xeral Técnico da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar **“do acordo de autorización da resolución dos contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional da Cidade da Cultura de Galicia.”**

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Hai uns días todos os cidadáns deste país puideron comprobar a través dos medios de comunicación como a inacción e a pasividade do Goberno galego facían que Galicia perdesa a organización da *World Fishing Exhibition*.

Falamos da feira mundial de pesca que se celebraba cada seis anos en Vigo desde hai xa máis de 40 anos.

A *World Fishing* non é unha feira máis, na última edición celebrada no 2009 acudiron máis de 300 empresas expositoras de 50 países, a Conferencia de Ministros reuniu a 30 máximos responsables doutros tantos países, recibiu máis de 80.000 visitas, e como saldo económico deixou unha cifra de negocio por riba dos 400 millóns de euros.

Ademais de propiciar a plena ocupación hoteleira en toda Galicia e de incrementar o tráfico de pasaxeiros nos aeroportos galegos, o incremento da actividade comercial, hosteleira e de servizos.

En definitiva, unha pésima noticia non só para Vigo senón que para toda Galicia, xa que perdemos a oportunidade de volver ser durante varios días o epicentro mundial da pesca a todos os efectos.

Por todo isto os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que opinión ten o Goberno Galego sobre este feito?



Grupo Parlamentario

2ª) Que xestións ten realizado o Goberno para garantir o mantemento da *World Fishing* en Vigo?

3ª) Considera o Goberno galego que hai posibilidades aínda de que a feira manteña a súa sede en Vigo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 28/01/2014 18:13:09

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 28/01/2014 18:13:16

José Manuel Gallego Lomba na data 28/01/2014 18:13:24

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, en relación co escrito 7395 desa mesa a través do que se solicita a reformulación do documento 18138 correspondente a unha interpelación, presentan a seguinte reformulación:

1ª) Que repercusión cre o Goberno galego que o traslado deste evento vai ter para o sector mar-industria galego?

2ª) Non considera o Goberno galego que estas feiras son indispensables para a internacionalización das nosas empresas pesqueiras?

3ª) Que xestións ten realizado o Goberno galego para garantir o mantemento da World Fishing en Galicia, tal e como se viña realizando nos últimos anos?

4ª) Considera o Goberno galego que aínda hai posibilidades de que esta feira manteña a súa sede en Galicia, concretamente en Vigo?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 06/02/2014 19:27:24

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 06/02/2014 19:27:31

José Manuel Gallego Lomba na data 06/02/2014 19:27:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

No ano 2007, os tres aeroportos galegos incrementaron o seu tráfico comercial en máis de medio millón de viaxeiros e alcadaron a cifra récord de 4,72 millóns. Coa chegada da crise, en dous anos, 2008 e 2009, Lavacolla, Alvedro e Peinador perderon máis de 600.000 clientes. O sistema aeroportuario galego acaba de completar no 2013 o seu bienio negro, con 860.000 usuarios menos dos que atendeu en 2011.

Os números reflicten as consecuencias da falta dunha estratexia de coordinación e da reactivación dos máis rancios debates localistas. Os aeroportos galegos, que viñan de perder 585.000 pasaxeiros en 2012, proseguiron a súa caída en picado en 2013 ao empeorar en 278.175 usuarios o balance do exercicio anterior. En só seis anos, o tráfico comercial das tres terminais tense reducido un 24 %.

Polo aeroporto de Santiago pasaron en 2013, 121.000 pasaxeiros menos que en 2012. Alvedro atendeu 6.600 menos, e Vigo tivo o peor comportamento dos tres, ao perder 150.000 pasaxeiros respecto ao exercicio precedente.

A esta situación hai que engadir un factor determinante: a competencia de Oporto. O Sá Carneiro, que en 2006 movía 800.000 pasaxeiros menos que os tres aeroportos galegos, transporta agora case tres millóns máis. Deles, máis de 700.000 son clientes galegos que cruzan a fronteira para voar dende a gran terminal do noroeste peninsular, cunha oferta que supera os 60 destinos e a prezos moi competitivos.

A ministra de Fomento, Ana Pastor, ven de resaltar a necesidade de crear un comité de coordinación aeroportuaria, pois o camiño pasa por facer política compartida.

O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, asegurou que o Goberno galego seguirá apostando por políticas que permitan mellorar as conexións e a accesibilidade das terminais aeroportuarias galegas. Hernández declaraba á prensa que a Xunta, vai a continuar coa promoción de Galiza como destino único e coas políticas de promoción turística do noso país, e tamén coas políticas que permiten mellorar as conexións e a accesibilidade das terminais.

O titular de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas afirmaba que o Goberno galego está a facer o que corresponde ás súas competencias, promocionar Galiza como destino único e intentar incrementar o número de turistas e que os datos acreditan que as políticas da Xunta están dando un resultado positivo.

Respecto á política aeroportuaria, Hernández declaraba á prensa que o Plan de Coordinación que elabora a Xunta está practicamente terminado e que ao longo do mes de xaneiro xa se poderá presentar as conclusións que incluírán os efectos no sistema aeroportuario da posta en marcha do AVE en 2018 así como as conexións entre terminais, entre cidades e terminais ou a posibilidade de aproveitar o Eixo Atlántico para interconectar mediante autobuses as cidades dos distintos aeroportos, ademais de marcar las liñas básicas que los municipios deberían seguir.

Por todo o exposto, a deputada que subscrebe do G.P. da AGE formula a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

- 1.- Cando vai presentar ante o Parlamento de Galicia o Plan de Coordinación Aeroportuaria?
- 2.- Que política aeroportuaria ten prevista a Xunta de Galicia para o ano 2014?
- 3.- Cando poderá ser unha realidade as conexións entre cidades e terminais, e entre as distintas cidades galegas con aeroporto entre si e co resto do territorio?
- 4.- Que iniciativas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia para recuperar pasaxeiros nos tres aeroportos galegos?
- 5.- Que iniciativas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia para que os aeroportos galegos podan competir co Sá Carneiro de Oporto?
- 6.- Vai a Xunta a constituír un comité de coordinación aeroportuaria, tal e como recomenda a ministra de Fomento? Que persoas, entidades, organizacións, etc formarán parte do mesmo?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 07/02/2014 13:55:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O Indicador de Confianza Empresarial Harmonizado (ICEH) baixou un 3,8% en Galiza e Illas Baleares para o primeiro trimestre deste ano respecto ao trimestre anterior, de acordo cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

En concreto en Galiza, as expectativas son favorables unicamente para un 8,1% dos preguntados, normais para un 51,9% e desfavorables para el 40%. El saldo, de esta forma, sitúa el índice en -31,9.

No que se refire ao trimestre finalizado, a situación foi favorable para o 10,7% dos enquisados, normal para o 50,7% e desfavorable para o 38,6%, dando un saldo de -27,9.

No conxunto do estado, no primeiro trimestre o balance de expectativas mellorou unha décima, ata situarse en -28,7 puntos. En canto ao balance de situación, situouse en -25,8 puntos, mellorando en tres puntos as expectativas manifestadas previamente polos establecementos empresariais para ese mesmo trimestre.

Para o primeiro trimestre de 2014, a confianza empresarial ten mellorado en once comunidades autónomas, en todos os sectores de actividade, menos en transporte e hostalería, e en case todos os tamaños de empresa, con excepción dos establecementos de menos de 10 asalariados, onde diminuíu a confianza.

Por comunidades, a confianza empresarial mellorou no primeiro trimestre en once delas respecto ao trimestre anterior. Os maiores repuntes danse en Cantabria (+4,3%), Extremadura (+4,1%) e Madrid (+3,5%), mentres que os maiores descensos déronse en Baleares e Galicia, ambas con caídas do 3,8%.

Ante estes datos, a deputada que subscrebe, do Grupo Parlamentar da AGE, formula a seguinte Interpelación:

- 1.- Que iniciativas está a tomar a Xunta de Galicia para cambiar esta tendencia e mellorar a confianza empresarial no noso país?
- 2.- Que plans ten a Consellería de Industria para mellorar o tecido industrial galego e a confianza de empresas e mercado na nosa economía?
- 3.- Que plans ten a Consellería de Industria para mellorar o tecido comercial galego?
- 4.- Que plans ten a Consellería de Industria para mellorar o tecido hostaleiro galego?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 10/02/2014 10:56:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de tomar medidas contra a paralización de actividade por mal tempo no sector pesqueiro.

Neste inverno as condicións climatolóxicas están sendo especialmente duras para o sector marítimo-pesqueiro, o que imposibilita que a flota puidera saír a faenar con normalidade e que está a provocar unha enorme alarma social entre os armadores e traballadores do mar, xa que levan máis de dous meses de temporal.

Unha escasa actividade para manter as unidades produtivas, para manter as familias e facerlle fronte as obrigas, pois, con independencia de que se poida ou non faenar, os seguros, a seguridade social, os créditos, e o sustento de cada día hai que procuralo e fan falla ingresos diarios para poder facerlle fronte.

Estamos falando dunha situación anómala, pois nin os máis vellos lembran que un temporal destas características, con treboadas e cicloxéneses, tivese tal duración.

A situación é suficientemente grave para que por parte do Goberno galego se adopten medidas de emerxencia, pois aínda por riba de permanecer amarrados, teñen que aturar unha situación financeira que é a peor da última década na concesión de cretos ou si os autorizan a uns intereses excesivamente caros, por no dicir descaradamente abusivos.

Ante esta situación de emerxencia, a titular de Medio Rural e Mar ten comprometido a utilización de fondos europeos para paliar os danos e a falla de actividade en determinados segmentos e actividades, sempre e cando leven menos de catro meses pechados ou as perdas acaden o 35% da produción.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de GalizaRúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela

Ata o momento nada sabemos de que se teña levado a cabo unha valoración dos períodos de peche nin das perdas por parte da administración nin que haxa desenvolvido algunha acción no camiño de facilitar a posibilidade de financiamento ben a través de acordos con entidades privadas, ben a través de fondos públicos utilizando instrumentos como o IGAPE.

Outras posibles liñas de axudas estarían encamiñadas a poder xestionar a paralización e retraio das cotas da seguridade social ante a imposibilidade de poder facerlle fronte. Incluso a posibilidade de condono ou subvención ao serlle imposíbel a recuperación da renda que permitiría afrontar os gastos e impostos, dado que a mesma non se levou a cabo e non se pode recuperar.

As liñas de apoio axudarían a que armadores e mariñeiros puideran capear esta situación de falta de liquidez en previsión de que o tempo cambie e poidan ter labores futuras onde poidan resarcirse desta situación e poder facerlle fronte ás obrigas económicas contraídas.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte Interpelación:

1.- Que medidas pensa adoptar a Consellaría de Medio Rural e Mar ante a paralización de actividade do sector da pesca por mal tempo, as perdas sufridas e a falla de ingresos para poder facerlle fronte ás obrigas económicas comprometidas; seguros, seguridade social, cretos,...?

2.- Vai tomar algunha medida relacionada coa exención, subvención das cotas de seguridade social para aquelas actividades que non tiveron posibilidade de ingresos e non poden afrontar dito pago?

3.- Vai desenvolver as axudas comprometidas pola titular de Medio Rural e Mar contempladas no regulamento comunitario, relativo ao Fondo de Pesca, para compensar



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela

os casos de paralización prolongada, e as perdas que representen o 35% do total do volume económico da empresa?

4.- Vai desenvolver algunha liña de axudas a través da colaboración con entidades privadas a que poidan adherirse os armadores, pequenos propietarios, industrias do sector, etc, que posibilite o acceso ao creto nunhas condicións aceptables ?

5.- Van a tomar algunha iniciativa dende o Instituto Galego de Promoción Económica co fin de apoiar esta actividade e contribuír ao financiamento do sector facilitando procesos de liquidez para fomentar a consolidación e competitividade do noso sector extractivo?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 10/02/2014 19:36:06

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2014 19:36:12



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Juan Manuel Fajardo Recouso, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa ao fracaso social e para a creación do emprego da contrarreforma laboral do PP.

Cal é o balanço da contrarreforma laboral do PP logo de dous anos de vixencia? Coas verbas dun estudo da Fundación 1º de Maio das Comisións Obreiras, que é o elemento nuclear sobre o que repousa esta iniciativa, o balanço é pavoroso para as clases traballadoras: menos ocupación e máis paro e precariedade laboral.

A técnica lexislativa, empregada con teimudez e de dubidosa constitucionalidade, é a coñecida como ordeo e mando, moi do gusto da dereita militarista e reaccionaria española.

O programa de destrución de dereitos individuais e colectivos no eido das relacións laborais en materia de emprego, contratación, flexibilidade, despedimento, condicións de traballo e no sistema de negociación colectiva supón atribuír case todo o poder á parte empresarial, pretextando que iso servirá para sermos máis competitivos e para crear emprego. O resultado da implementación das 34 normas ditadas neste bienio negro desminte tales obxectivos.

Os propósitos eran e son outros e van no rego de transformar o réxime social pactado na transición, baixo os imperativos destituíntes das clases dominantes, que buscan rachar calquera acordo social, recortar salarios e condicións laborais e aumentar a taxa de beneficios, vía o incremento da extracción do plusvalor. Traballar máis e peor e cobrar menos, na doutrina Díaz Ferrán, presidente dos emprendedores empresarios deste reino de España. Así, dende 2010 ate o terceiro trimestre do 2013, a acción combinada da suba do IPC (9,3%) e da redución dos custes laborais unitarios (8,5%) dan como resultado o derrubo dos custos laborais unitarios reais dun 18% en menos de catro anos.

Todo elo nun contexto de destrución neta de 3,6 millóns de emprego destruídos, cunha taxa de destrución de emprego no sector manufactureiro superior e co xogo perverso que supón destruír emprego indefinido para apenas paliar esa destrución con emprego

precario, temporal e coa subocupación maior das series históricas. Os contratos temporais supoñen xa o 92,3% do total dos contratos.

O balanço das contrarreformas patronais impulsadas polo PP, polo partido dos patróns –unha fracción dos cales logo o agradecen na contabilidade B do partido- confirma que se agudiza a destrución de emprego. Crece a pobreza e a desigualdade social, nun Estado onde case 4 millóns de persoas traballadoras no paro non dispoñen de protección social algunha.

Polo que o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte interpelación:

- Que valoración realiza o goberno galego do conxunto de medidas no eido laboral aprobadas polo goberno do Estado?
- Que actuacións vai levar adiante o goberno da Xunta para rectificar o conxunto desas políticas que provocan máis paro, pobreza e desigualdade social?
- Vai implementar o goberno galego unha política en materia laboral propia e alternativa a do goberno central?
- Vai acordar a Xunta un plan de emprego extraordinario para combater o paro no noso país?
- Desbota o goberno galego fornecer os servizos públicos como motores de benestar e creadores de emprego estable e con dereitos?
- Que medidas de protección social aplicará o goberno galego para atender ás persoas traballadoras que se atopan no paro no noso país?
- Que plan extraordinario para combater a pobreza e a desigualdade social vai executar con carácter de urxencia a Xunta de Galicia?

Compostela, 11 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/02/2014 18:01:54



Juán Manuel Fajardo Recouso na data 11/02/2014 18:01:57



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa ás previsións do Goberno do Estado de eliminación de 12 oficinas administrativas da seguridade social en Galiza.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social está planificando o peche dun terzo das oficinas do CAISS en próximas datas, ao parecer no primeiro semestre de 2014.

Actualmente en Galiza están operativas 36 oficinas da Seguridade Social, algunhas situadas nas cidades e outras en pequenas poboacións. Ao parecer os plans do Ministerio pasarían por eliminar 12 oficinas no noso territorio nacional.

Esta noticia suscita a preocupación do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego xa que afectará á poboación na medida en que sairá prexudicada recibindo cada vez un peor servizo, establecendo cada vez maior distancia entre a cidadanía e a estrutura administrativa, no canto de achegala e facer unha administración máis accesíbel e directa.

Ademais, por suposto de prexudicar ao emprego público, nesta deriva emprendida polo Sr. Rajoy e o Partido Popular de pretender simular un aforro a costa da eliminación de emprego público coa consecuencia de empeoramento dos servizos públicos.

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte Interpelación:

1.- Ten coñecemento do contido do plan do Ministerio de Emprego e Seguridade



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Social de eliminar un terzo das oficinas do CAISS en Galiza?

2.- Ten información en relación co número concreto de oficinas afectadas en Galiza e de que localidades se verán privadas destas?

3.- Como valora o impacto que ten para a cidadanía das vilas afectadas que verá dificultada a realización de trámites ante a Seguridade social?

4.- Non considera que é un despropósito afastar deste xeito a administración e polo tanto empeorar un servizo público esencial?

5.- Cal vai ser a consecuencia para os e as empregadas públicas actualmente destinados nesas oficinas?

6.-Ten realizado ou previsto realizar algunha actuación ante a administración do Estado para evitar o peche de oficinas en Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 11/02/2014 19:39:32

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Vicente Docasar Docasar e Marisol Soneira Tajés, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Os servizos públicos son piares fundamentais nunha sociedade que aspire a ser igualitaria e xusta. O texto constitucional que reconece ao Estado como “social e democrático de dereito”; mentres que o artigo 9.2 do mesmo texto esixe que os poderes públicos “promovan as condicións para que a liberdade e igualdade dos individuos e dos grupos que se integran sexan reais e efectivas”. Proclamación que recolle a norma Institucional Básica de Galicia, o noso Estatuto de autonomía, no artigo 4.

Os servizos públicos contribúen á obriga da Administración para garantir a igualdade e a calidade no acceso aos dereitos da cidadanía, e á promoción da solidariedade entre as persoas.

Dende a toma de posesión dos gobernos do PP as agresións ao sector público e aos dereitos das súas empregadas e empregados son continuos. Modificacións arbitrarias das RPT, amortización de prazas, supresión de servizos públicos, privatización deles, recortes salariais e laborais, son algúns dos exemplos da política da Dereita galega e española. O presidente Feijoo durante a campaña electoral anunciou que os empregados públicos xa se someteran a demasiados sacrificios e que el non lle imporíaa ningún máis nesta nova lexislatura. A súa palabra durou tanto coma a campaña electoral, xa que de inmediato se acometían novos recortes e a supresión das pagas extras.

Este Grupo Parlamentario ten denunciado reiteradamente eses recortes, así como ten esixido o Goberno galego reverter as políticas contra o sector público e os empregados públicos, atopando sempre o rexeitamento contumaz do grupo parlamentario do PP e do Goberno que sustentan.



Grupo Parlamentario

Mais agora a xustiza tense pronunciado a favor do funcionariado. A pesares da dura posición do PP, os tribunais están dando un tras outro a razón ás e aos empregados públicos que demandan o pago das pagas extras, inxusta e ilegalmente detraídas, reforzando así as reivindicacións do sector público.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sorprendentemente, e unha vez máis, o Goberno da Xunta, lonxe de acatar as resolucións xudiciais (como xa tiña feito no desacatamento ás sentenzas xudiciais que reprendía á Xunta respecto á vulneración do dereito á negociación colectiva), mantense en contra das reivindicacións dos empregados públicos e das resolucións xudiciais, nunha obstinación propia dunha visión autoritaria que non se cansa de exhibir.

En virtude do exposto as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Por que non acata o Goberno da Xunta as sentenzas que dan a razón ás empregadas e empregados públicos respecto das súas demandas de esixencia da percepción das pagas extras inxustamente detraídas?

2ª) Por que non cumpre Feijoo o seu compromiso de “non impor máis sacrificios aos empregados públicos”?

3ª) Como valora o Goberno da Xunta que os tribunais estean dando a razón unha e outra vez ás e aos empregados públicos en contra das medidas do Goberno?

4ª) Vai rectificar o Goberno galego a súa política de recortes de dereitos laborais e privatizacións do sector público?

Pazo do Parlamento 11 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 12/02/2014 10:45:08



Grupo Parlamentario

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/02/2014 10:45:19

María Soledad Soneira Tajés na data 12/02/2014 10:46:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza en relación cos danos causados polos temporais.

Durante o último mes e medio Galiza padeceu unha sucesións de fortes temporais que deixaron importantes danos. Os seus efectos deixaron sentirse tanto en portos, como estradas e afectaron de maneira singular a sectores produtivos como o agro e a pesca. Porén, tamén se detectaron numerosos desperfectos en instalacións e infraestruturas públicas como centros escolares, polideportivos, comercios, vivendas e no medio ambiente en xeral.

É relevante o impacto que están a ter os fortes ventos e chuvias no sector pesqueiro e agrario. Semanas sen poder saír ao mar, lonxas valeiras, bancos marisqueiros anegados... provocan unhas perdas moi elevadas que lastran un sector que xa vivira situacións complexas. No caso do agro, as fortes chuvias anegaron cultivos ou impediron sementar outras. Así en zonas como A Limia, xa están solicitando a declaración de zona catastrófica polas importante perdas rexistradas desde o mes de Decembro.

E indubidábel que os diferentes temporais deixaron tras de si un rastro de destrución ao seu paso que debe ser abordada canto antes coa finalidade de recuperar a necesaria normalidade. Cómpre ir avaliando os danos ocasionados e articular as medidas que sexan precisas tanto para reparar danos no patrimonio público, como as perdas ocasionadas aos diferentes sectores económicos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formúlase a seguinte Interpelación:

-Ten realizado a Xunta de Galiza un balanço do impacto dos temporais a nivel de infraestruturas e na actividade económica, singularmente na pesca, agro e comercio? Cal é a súa cuantificación?

-Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza en relación cos danos causados polos temporais?

-Vai poñer en marcha medidas económicas ou de apoio para os sectores económicos máis afectados polos temporais?

-Vai reclamar do Goberno Central a dotación de axudas para paliar os efectos dos temporais na Galiza?

-Vai demandar a declaración de zona catastrófica daquelas zonas máis afectadas polos temporais?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 12/02/2014 17:11:28

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Juan Manuel Fajardo Recouso e Antón Sánchez García, integrantes do GP da **Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa á privatización de AENA.

O furor privatizador do goberno do PP semella non resentirse diante das consecuencias de ineficiencia, onerosidade e corrupción que son a marca de fábrica desas políticas neoliberais. Tomando como punto de partida a malfadada decisión do goberno Zapatero, o PP pretende consumir a privatización, incrementando a parte enaxenada e tendo como horizonte o se desfacer da totalidade da participación pública de AENA, ente que agrupa un conxunto de empresas adicadas á xestión aeroportuaria e a provisión de servizos de navegación aérea, en particular os dos tres aeroportos galegos.

Privatización, coa entrada dun 60% do capital privado, que o goberno ultima malia non dispor na actualidade da normativa regulamentaria necesaria, en concreto do chamado documento de regulamentación aeroportuaria (DORA) para avanzar na concreción das tarifas e dos investimentos.

Mais cómpre sinalar que se o PP anda en privatizar esta rede é porque saben da súa rendabilidade mesmo en termos económicos. AENA obtivo o pasado exercicio un beneficio de 308 millóns de euros. Beneficio significativo porque é o que obtén da xestión específica do servizo público que ten encomendado.

Esta decisión é unha máis dentro da política de privatizacións que traslada as perdas ao sector público e os beneficios ao privado, é dicir, privatización dos beneficios e socialización das perdas. Dicimos isto, porque como é habitual o que se privatiza é porque resulta rendible e da beneficios, e moito nos tememos que o que se pretenda sexa privatizar os aeroportos rendibles y deixar ao marxe os que non o son.

Ademais de querer desfacerse dunha empresa pública que reporta beneficios, non se entende a decisión, se non é por intereses económicos privados, xa que a nivel

européo e mundial a privatización dos aeroportos non mellorou os servizos, prezos, condicións, seguridade e incluso na xestión das emerxencias.

É evidente que a débeda de AENA, xustificación da privatización, foi produto dunha política de inversións irracional, e que procuraba o beneficio das grandes construtoras, pero foron decididas polos que agora defenden a privatización, seica como saída a súa negligencia ou incapacidade para gobernar para o interese xeral. É fundamental unha política de inversións e xestión racional e que defenda o interese xeral, pero no caso de infraestruturas estratéxicas debe de facerse dende unha boa xestión pública.

A defensa dos servizo públicos e o mantemento dos postos de traballo son elementos claves da nosa preocupación e da nosa determinación de axudar na loita para evitar a privatización que argalla o PP. Cal sería a posición do noso país, perdidos para o capital os aeroportos, no que fai a esta modalidade de transporte público?

É tamén unha decisión transcendente para Galiza, que ten que ter unha posición nidia, de maneira que os nosos intereses como país e na defensa deste servizo público non sufran merma algunha. Infraestrutura pública, financiada con recursos públicos e que serve a un interese público que supón ao redor do 8% do PIB estatal.

En atención á gravidade do exposto, o GP da Alternativa galega da Esquerda presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Que posición ten o goberno galego en relación coa posible privatización de AENA?
- Que estudo de impacto manexa o goberno galego sobre os tres aeroportos galegos caso de seren privatizados?
- Vai defender o goberno diante do seu homólogo estatal a non privatización de AENA e o mantemento do carácter público da rede aeroportuaria, nomeadamente da galega?

Compostela, 13 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recousó

Asdo. Antón Sánchez García



Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 13/02/2014 11:36:40

Yolanda Díaz Pérez na data 13/02/2014 11:36:44

Antón Sánchez García na data 13/02/2014 11:36:49



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, aprobada en xullo de 2007, crea no seu artigo 49 o “Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero”. O expediente para a súa creación comezou no 2008 e agora no 2014 vaise proceder a súa apertura.

Mais o goberno galego decidiu empregar a violencia contra as mulleres para repartir favores políticos. Así no Decreto de creación deste Centro de Recuperación (DOG 10/01/2014) a Consellaría de Presidencia aproba un sistema de provisión ilegal para unha unidade administrativa, O artigo 3.2 do Decreto permite que o posto de Dirección deste Centro sexa ocupado por unha persoa allea a administración cunhas retribucións brutas de máis de 52.000 euros e unha equivalencia de xefatura de servizo. Isto ven a modificar o Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e crea unha nova unidade na Secretaría xeral de Igualdade.

Sen embargo, segundo a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza (LOFAXGA) este centro ten unha natureza xurídica de servizo ou unidade administrativa de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nivel menor polo que non cabe contratar persoal directivo ou de alta dirección, nin persoal á marxe da lei galega da función pública.

Cando a Secretaría xeral de Igualdade fixo públicas as bases para concorrer a esta praza sorprendeu co perfil de titulación requirida, ao primar a formación de Arte e Humanidade ou Ciencia Sociais e Xurídicas, deixando de lado a importancia nunha formación en Psicoloxía, Educación Social ou traballo social,... máxime cando este centro ten por función fundamental a “recuperación integral” dunha vítima de violencia. Estas bases esquecen a importancia de formación específica en igualdade e en violencia de xénero que xa existe e está recoñecida por diferentes universidades.

O 3 de febreiro de 2014 cando é publicada a listaxe provisional de persoas admitidas no proceso de selección son excluídas persoas que posúen a titulación de Psicoloxía por “non cumprir cos requisitos das bases da convocatoria”. Algo incríbel, primeiro pola natureza da praza a que se opta e segundo por descoñecer a Secretaría de Igualdade a legalidade vixente de homologación de títulos universitarios na que figura a Licenciatura en Psicoloxía como árama de Ciencia Sociais e Xurídicas. Todo apunta a un interese por parte do goberno por dirixir a praza para un perfil determinado para limitar a libre concorrencia de persoas formadas e con experiencia na mesma.

O Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero nace eivado ao carecer dunha parte de estadía, co cal só semella ter un aspecto ambulatorio. No proxecto inicial deste centro estaba contemplada a Recuperación psicoloxía e emocional integral das mulleres, o que implica a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidade de residir no centro o tempo que se determine polas persoas expertas na materia.

Por isto formúlanse a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Por que se optou por incumprir a LOFAXGA no convocatoria da praza de Dirección do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 07/02/2014 10:34:26

María Tareixa Paz Franco na data 07/02/2014 10:34:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, aprobada en xullo de 2007, crea no seu artigo 49 o “Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero”. O expediente para a súa creación comezou no 2008 e agora no 2014 vaise proceder a súa apertura.

Mais o goberno galego decidiu empregar a violencia contra as mulleres para repartir favores políticos. Así no Decreto de creación deste Centro de Recuperación (DOG 10/01/2014) a Consellaría de Presidencia aproba un sistema de provisión ilegal para unha unidade administrativa, O artigo 3.2 do Decreto permite que o posto de Dirección deste Centro sexa ocupado por unha persoa allea a administración cunhas retribucións brutas de máis de 52.000 euros e unha equivalencia de xefatura de servizo. Isto ven a modificar o Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e crea unha nova unidade na Secretaría xeral de Igualdade.

Sen embargo, segundo a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza (LOFAXGA) este centro ten unha natureza xurídica de servizo ou unidade administrativa de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nivel menor polo que non cabe contratar persoal directivo ou de alta dirección, nin persoal á marxe da lei galega da función pública.

Cando a Secretaría xeral de Igualdade fixo públicas as bases para concorrer a esta praza sorprendeu co perfil de titulación requirida, ao primar a formación de Arte e Humanidade ou Ciencia Sociais e Xurídicas, deixando de lado a importancia nunha formación en Psicoloxía, Educación Social ou traballo social,... máxime cando este centro ten por función fundamental a “recuperación integral” dunha vítima de violencia. Estas bases esquecen a importancia de formación específica en igualdade e en violencia de xénero que xa existe e está recoñecida por diferentes universidades.

O 3 de febreiro de 2014 cando é publicada a listaxe provisional de persoas admitidas no proceso de selección son excluídas persoas que posúen a titulación de Psicoloxía por “non cumprir cos requisitos das bases da convocatoria”. Algo incríbel, primeiro pola natureza da praza a que se opta e segundo por descoñecer a Secretaría de Igualdade a legalidade vixente de homologación de títulos universitarios na que figura a Licenciatura en Psicoloxía como árama de Ciencia Sociais e Xurídicas. Todo apunta a un interese por parte do goberno por dirixir a praza para un perfil determinado para limitar a libre concorrencia de persoas formadas e con experiencia na mesma.

O Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero nace eivado ao carecer dunha parte de estadía, co cal só semella ter un aspecto ambulatorio. No proxecto inicial deste centro estaba contemplada a Recuperación psicoloxía e emocional integral das mulleres, o que implica a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidade de residir no centro o tempo que se determine polas persoas expertas na materia.

Por isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Por que se eliminan titulación determinantes na natureza do centro “recuperación” na listaxe provisional de persoas admitidas?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 07/02/2014 10:33:34

María Tareixa Paz Franco na data 07/02/2014 10:33:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Segundo ven de denunciar a Comisión de Centro da Atención Especializada do CHUS o servizo de urxencias está nunha situación límite. Así sinalan que, a consecuencia dos recortes que se están producindo no ámbito sanitario, existen doentes que se ven obrigadas/os a permanecer días en espera dunha cama para o seu ingreso. A situación é tan alarmante que chegou ao extremo de definiren o servizo de urxencias como “un almacén de doentes postrados en padiolas metidos en espazos improvisados, esperando varios días para ingresar nunha cama de hospital”.

A isto engádese a carencia de material que sofre o servizo, sobre todo dende a privatización do almacén de suministros, como padiolas, cadeiras de rodas, termómetros, tubos de analítica, sondas e, en xeral, todo tipo de material que se necesita nun Servizo de urxencias para traballar con normalidade e ofrecer unha asistencia sanitaria de calidade.

Desde o BNG sumámonos a denuncia das consecuencias nefastas que están a ter os recortes e as privatizacións que se están producindo na sanidade pública, concretamente no CHUS. É grave o deterioro que se ven producindo e urxe unha rectificación destas políticas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre a situación do servizo de urxencias e as dificultades para os ingresos?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/02/2014 11:37:55

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2014 11:38:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Pleno**.

A madrugada do 10 de febreiro unha das balsas da canteira do Monte Neme (Carballo) rebentou, producindo unha corrente de auga, pedras e lama que escorreron ate Aviño e Razo, causando danos materiais ao seu paso.

O perigo da rotura das balsas pola súa falla de seguridade, xa foi denunciado tempo atrás en reiteradas ocasións pola veciñanza, organizacións ecoloxistas e políticas .

En abril de 2013 e ante unha das últimas denuncias a Dirección Xeral de Minas anunciou a elaboración dun Plan de Seguridade para dita explotación mineira.

Non temos constancia de que dito plan fose aprobado a día de hoxe.

Tendo en conta ademáis, os proxectos de megamineiría tóxica plantexados nos últimos tempos, coma por exemplo o de Corcoesto, que contarían con balsas potencialmente moito máis perigosas e que, polo tanto, precisarían de medidas de seguridade estritas, caso de aprobarse, preocupa altamente a falta de rigor e previsión que se mostra por parte da Consellería de Industria e da Dirección Xeral de Minas.

Polo exposto, o deputado que subscrebe do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta a súa resposta oral en Pleno:

Cál é a situación da empresa concesionaria da mina cara a afrontar o pago dos danos ocasionados?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2014.

Asdo. Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 10/02/2014 17:36:39



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de tomar medidas contra a paralización de actividade por mal tempo no sector pesqueiro.

Neste inverno as condicións climatolóxicas están sendo especialmente duras para o sector marítimo-pesqueiro, o que imposibilita que a flota puidera saír a faenar con normalidade e que está a provocar unha enorme alarma social entre os armadores e traballadores do mar, xa que levan máis de dous meses de temporal.

Unha escasa actividade para manter as unidades produtivas, para manter as familias e facerlle fronte as obrigas, pois, con independencia de que se poida ou non faenar, os seguros, a seguridade social, os créditos, e o sustento de cada día hai que procuralo e fan falla ingresos diarios para poder facerlle fronte.

Estamos falando dunha situación anómala, pois nin os máis vellos lembran que un temporal destas características, con treboadas e cicloxéneses, tivese tal duración.

A situación é suficientemente grave para que por parte do Goberno galego se adopten medidas de emerxencia, pois aínda por riba de permanecer amarrados, teñen que aturar unha situación financeira que é a peor da última década na concesión de cretos ou si os autorizan a uns intereses excesivamente caros, por no dicir descaradamente abusivos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela

Ante esta situación de emerxencia, a titular de Medio Rural e Mar ten comprometido a utilización de fondos europeos para paliar os danos e a falla de actividade en determinados segmentos e actividades, sempre e cando leven menos de catro meses pechados ou as perdas acaden o 35% da produción.

Ata o momento nada sabemos de que se teña levado a cabo unha valoración dos períodos de peche nin das perdas por parte da administración nin que haxa desenvolvido algunha acción no camiño de facilitar a posibilidade de financiamento ben a través de acordos con entidades privadas, ben a través de fondos públicos utilizando instrumentos como o IGAPE.

Outras posibles liñas de axudas estarían encamiñadas a poder xestionar a paralización e retraio das cotas da seguridade social ante a imposibilidade de poder facerlle fronte. Incluso a posibilidade de condono ou subvención ao serlle imposible a recuperación da renda que permitiría afrontar os gastos e impostos, dado que a mesma non se levou a cabo e non se pode recuperar.

As liñas de apoio axudarían a que armadores e mariñeiros puideran capear esta situación de falta de liquidez en previsión de que o tempo cambie e poidan ter labores futuras onde poidan resarcirse desta situación e poder facerlle fronte ás obrigas económicas contraídas.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa adoptar a Consellaría de Medio Rural e Mar ante a paralización de actividade do sector da pesca por mal tempo, as perdas sufridas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela

e a falla de ingresos para poder facerlle fronte ás obrigas económicas comprometidas; seguros, seguridade social, cretos,...?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 10/02/2014 19:32:12

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2014 19:32:19

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En FITUR 2014, a delegada da Xunta de Galicia en Vigo, a Sra. Bravo Bosch, vén de anunciar que presentara en dita feira o programa de rehabilitación do Casco Vello e as viaxes a Cíes para apoiar a súa candidatura como Patrimonio Natural da UNESCO. Baixo o nome de VIGO: patrimonio histórico e natural.

Casco Vello e Cíes serán os eixos da presentación e ambos están intimamente relacionados tras a apertura no edificio Cambón da novo sede de Parques.

Tras coñecer o fin de semana que tiña espazo libre na programación do expositor de TURGALICIA, a Axencia de Turismo de Galicia formulou que Vigo participase activamente en FITUR.

Ante tal improvisación por parte de TURGALICIA e da delegada da Xunta en Vigo, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Invitouse ao Concello de Vigo para que participara en dito certame?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 11/02/2014 10:26:17



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/02/2014 10:26:24

Beatriz Sestayo Doce na data 11/02/2014 10:26:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No porto de Panxón desenvolven a súa actividade unhas 23 embarcacións pesqueiras, a maioría de artes menores, mais tamén teñen o seu fondeo, sobre todo en temporada de verán moitas lanchas de recreo. Dita flota permanece principalmente fondeada.

O sector pesqueiro en Panxón representa un auténtico motor de desenvolvemento e de xeración de emprego para esta localidade.

Convive esta actividade, xeradora de emprego, co lamentable estado das infraestruturas portuarias de Panxón, que permanecen nunhas condicións terceiro-mundistas, obrigando que case todas as embarcacións teñan que abandonar este porto e dirixirse a outros, fundamentalmente Baiona en períodos de temporal, por medo que as embarcacións sufran consecuencias irreparábeis.

Esta precariedade nas instalacións portuarias vén dada polos incumprimentos de Portos de Galicia cos mariñeiros de Pantón, con promesas de facer estudos para a posible cambio do espigón, montar pantaláns, etc.

As consecuencias dramáticas tiveron que padecelas na flota que tras o forte temporal sufrido na semana de Reis, provocou o afundimento de dúas embarcacións e outras dúas foron a praia.

Son estes episodios que se veñen repetindo ano tras ano e que fai que medre o temor e a inseguridade entre os mariñeiros que amarran neste porto.

O Grupo Socialista vén denunciando esta situación en que se atopa o porto de Panxón, con escaso éxito pola nosa parte, non sabemos nada do estudio



Grupo Parlamentario

encargado polo presidente de Portos de Galicia para saber si era posible a alternativa presentada polos mariñeiros de Panxón ao concello e a Portos.

A situación descrita é dramática e inxustificable, na actualidade o espigón non cumpre a finalidade para a que foi construído, permitir o atraque e o fondeo en condicións. Cumpre actuar, e con urxencia, a fin de evitar máis perdas na flota, perigo para as persoas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Diante desta situación, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten pensado adoptar o presidente do Ente Público Portos de Galicia para mellorar o actual porto de Panxón?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba

José Ramón Val Alonso

Francisco Caamaño Domínguez

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 11/02/2014 10:31:28

José Ramón Val Alonso na data 11/02/2014 10:31:35

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 11/02/2014 10:31:49

José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez, José Manuel Gallego Lomba e Marisol Soneira Tajés, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A 31 de decembro de 2013 estaban dadas de alta no Réxime Especial do Mar (REM) en Galicia 21.713 persoas. Todas estas persoas teñen algo en común: exercen unha profesión que non ten un salario fixo, que non ten unha data mensual para a recepción da súa nómina, que non ten horarios, que non poñen eles o prezo da súa mercadoría e que están suxeitos a circunstancias absolutamente incontrolables por eles como son a meteoroloxía adversa, a Política Pesqueira Común, a heteroxénea lexislación autonómica, nacional e comunitaria, etc.

O sistema retributivo de todas estas persoas está fortemente condicionado polo nivel das capturas, o prezo acadado nas lonxas polo seu produto e polo modo de reparto previamente establecido entre o armador (no caso das embarcacións con máis dun tripulante) e o traballador. En todos os casos hai unha constante inmutable: se non se pesca non se cobra.

O modelo máis común é o sistema de reparto á parte. Este modelo significa que, do total obtido polas capturas fanse partes proporcionais. A máis común establece entre o 50-60 % corresponda á embarcación e o restante divídese entre as partes establecidas no conxunto da tripulación. Hai que ter en conta que non hai tantas partes como tripulantes senón que estas se establecen en función do cargo que se desempeña, así un mariñeiro pode ter unha parte pero o patrón pode ter máis. Cando a actividade se fai de xeito individual ou sen necesidade de embarcación, cambia o modelo retributivo pero non as circunstancias en que se exerce a profesión.

Pero as xentes que exercen esta profesión teñen gastos e obrigas que, estas si, hai que abordalas con regularidade: pagos da Seguridade Social, impostos, taxas, mantemento de embarcacións, gastos correntes, etc, etc; polo que en determinadas épocas do ano a economía das familias mariñeiras vese sometida a duras probas.

Grupo Parlamentario

Para paliar estes períodos de dificultade recorriase, anos atrás, á subscrición de pólizas de crédito cos bancos. Hoxe é imposible polas circunstancias financeiras que todos coñecemos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende o 15 de decembro téñense producido en Galicia unha, cando non dúas, cicloxéneses explosivas por semana, coas conseguíntes consecuencias: ventos moi por riba dos cen quilómetros por hora (houbo episodios de 190), ondas que chegan a acadar os 13 metros de altura, choivas incesantes (que implican alto índice de mortalidade de bivalvos polos aportes de auga doce da choiva e dos ríos ás rías), ruptura de amarres, períodos prolongados de vixilia para preservar as embarcacións e as artes de imprevisos, danos en instalacións portuarias e en casetas, etc.

Até o día de hoxe téñense producidos avisos de alarma vermella no mar por cada unha das cicloxéneses producidas. Estas alarmas teñen distinta percepción na terra que no mar. Cando pasa un fronte moi activo por riba de Galicia preséntase con fortes ventos, normalmente do sudoeste, que acaban dando paso a copiosas choivas para ir mingando paulatinamente cando os ventos se desprazan ao norte-noroeste. Aquí baixan as temperaturas, hai chuvascos esporádicos e incluso sensación de bonanza en terra coa saída do sol puntualmente. Pero no mar é distinto.

A todo o anterior hai que engadir que despois dun fenómeno polo que se decretan alertas vermellas, durante varios días vén o mar de fondo que son as ondas que o forte vento formou ao seu paso polo mar. Neste inverno practicamente non houbo ningún día, dende mediados de decembro, que as ondas baixasen dos cinco metros con episodios que duraron días, en que a constante foi de ondas por riba dos oito metros de altura. Nesas circunstancias solo poden saír a faenar un número moi reducido de embarcacións cando as ondas están por debaixo dos seis metros e con pouco vento: algún cerqueiro, arrastre de litoral, algún palangreiro, etc.

A maior parte da flota non pode saír a pescar polo seu reducido tamaño. Debemos ter en conta que a flota galega está composta por case 4.600 embarcacións de pesca das que 4.016 son de artes menores. Isto significa que son o groso da flota que abastece os nosos mercados: naseiros, trasmallos, vetas, palangre, cerqueiros pequenos, gamelas, etc., e que, na súa inmensa maioría, teñen entre un e cinco tripulantes.

Grupo Parlamentario

Nin que dicir ten que os mariscadores a pé e a flote que se dedican ao percebe permaneceron durante dous meses sen ningunha posibilidade de exercer a súa profesión, e que o marisqueo a pé viu como gran parte dos bivalvos acababan arrastrados polas riadas ou mortos pola baixa salinidade das augas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O mes de decembro e o verán son as épocas en que os prezos dos peixes e mariscos acadan o seu valor máis alto e moitas confrarías organízanse para preservar determinadas zonas e especies para explotalas nestas datas. Pero, cando a climatoloxía se comporta coma neste inverno, estase a producir un dano irreparable nas economías pesqueiras xa que, por riba da imposibilidade de pescar ou mariscar, en moitos casos téñense feito investimentos para abordar este período con máis garantías de éxito económico.

Na maioría das lonxas galegas teñen minguado as vendas de peixes e marisco en porcentaxes que, nalgún caso, chegan ao 50 %, especialmente naquelas onde o PIB local é máis dependente desta actividade. As razóns son a baixada de prezos que se vén producindo nos últimos tempos, e a práctica inexistencia da campaña do nadal polos fenómenos climáticos.

Conscientes desta situación o Goberno de Emilio Pérez Touriño, sendo Carmen Gallego conselleira de Pesca, puxo en práctica o coñecido como Seguro do Mal Tempo. Este seguro, o primeiro que se poñía en marcha no mundo, pretendía que, baixo determinadas circunstancias climáticas, os mariñeiros se puideran asegurar uns ingresos básicos sen ter que xogarse a vida para manter á familia e á empresa familiar. Garantía uns ingresos de 125€ diarios até un máximo de 2.500 por exercicio.

Ao ser un seguro novo e sen experiencias previas, tiña algunhas dificultades na súa aplicación e na interpretación das cláusulas aseguradas. As razóns, a parte do novedoso do seguro, é a heteroxénea composición das “familias” profesionais das xentes do mar: para un cerqueiro unha onda de catro metros é “o normal”, para un percebeiro é “baga de mar campal”. A pesar diso había disposición para ir mellorando o sistema e de aprender sobre a base da experimentación, tal como se fixo no seu día cos seguros agrarios. A Administración subvencionaba o seguro en preto do 78 % do custe da póliza.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Co cambio de Goberno adoptáronse, entre outras medidas que recortaron, medidas de protección para o sector pesqueiro e marisqueiro, a decisión de eliminar o Seguro de Mal Tempo sen medir as consecuencias nin tentar buscarlle solución ás eivas que se tiñan detectado até o momento, xa que, cando os períodos de mal tempo son prolongados, os traballadores e as traballadoras do mar non obteñen ningún ingreso e deben recorrer aos aforros, se teñen a sorte de dispor deles, á solidariedade familiar, ou suplicar axudas públicas para facer fronte ás súas necesidades máis perentorias: alimentación, roupa, impostos, taxas, etc.

Para que esas circunstancias non se produzan existen mecanismos de seguranza que permiten ás familias, que teñen o seu campo de actividade noutros sectores primarios, asegurarse uns mínimos vitais no caso de climatoloxía adversa ou catastrófica. Dende hai máis dun século existen os seguros agrarios que dan resposta a situacións como as que aquí describimos.

Outra das circunstancias que actúa contra o sector, sendo unha boa medida, é o descanso semanal do sábado e domingo establecido con carácter xeral xa que a climatoloxía non entende de días concretos da semana para “descansar”. Así, pódese dar a circunstancia de que durante toda a semana sexa imposible saír a faenar e chegado o sábado e o domingo se produza unha tregua nas condicións do tempo, ou coincida con mareas vivas que permitirían o marisqueo en sitios algo máis abrigados; non obstante a lexislación impide que durante ese período se traballe no mar. Esta circunstancia é especialmente gravosa para as economías familiares cando, coma neste inverno, os períodos de inactividade son moi prolongados.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Non considera o Goberno galego que é preciso restablecer ferramentas que axuden a paliar as perdas económicas con medidas como o Seguro do Mal Tempo que fomenten a cultura da seguridade?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2014



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 11/02/2014 13:38:12

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 11/02/2014 13:38:20

José Manuel Gallego Lomba na data 11/02/2014 13:38:28

María Soledad Soneira Tajés na data 11/02/2014 13:38:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, deputadas do GP de **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral no Pleno, relacionada co estado do hospital do Meixoeiro:**

O Hospital do Meixoeiro, centro vigués da rede pública do SERGAS, ven sufrindo dende fai moitos anos un crecente deterioro estrutural que ocasiona importantes prexuízos para o funcionamento do centro e para a protección e seguridade de pacientes e profesionais.

As fiestras do centro e o seu aillamento están altamente deterioradas, permitindo a entrada de fortes correntes e perda de temperatura que dende fai moitos anos teñen que ser tapadas con papeis e roupa. Unha situación lamentable no que debера ser un lugar exemplar en seguridade, salubridade e máis tratándose dun hospital.

O deterioro da fachada do centro provoca anualmente goteiras, incluso, en moitas ocasións incluso en dependencias cirúrxicas, en quirófanos do hospital. A Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade, miran cara outro lado e evita a reparación de estas gravísimas deficiencias contribuindo ao deterioro da Sanidade Pública do que é principal promotora.

A finais de 2013 foron moitas as camas pechadas por mor das goteiras, contribuindo ao colapso sanitario, e actualmente, son 36 as que permanecen nesta situación. A resposta da Consellería, en troques de iniciar canto antes as reparacións e obras necesarias é derivar pacientes a outros centros, favorecendo á sanidade privada, na súa liña habitual.

Ante estes graves feitos, **Alternativa galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

¿Cando ten a Consellería de Sanidade pensado iniciar as reparacións precisas no Hospital do Meixoeiro para rematar con esta situación?

Compostela, 11 de Febreiro de 2013



Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/02/2014 14:42:35

Yolanda Díaz Pérez na data 11/02/2014 14:42:38



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Juan Manuel Fajardo Recouso, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao fracaso social e para a creación do emprego da contrarreforma laboral do PP.

Cal é o balanço da contrarreforma laboral do PP logo de dous anos de vixencia? Coas verbas dun estudo da Fundación 1º de Maio das Comisións Obreiras, que é o elemento nuclear sobre o que repousa esta iniciativa, o balanço é pavoroso para as clases traballadoras: menos ocupación e máis paro e precariedade laboral.

A técnica lexislativa, empregada con teimudez e de dubidosa constitucionalidade, é a coñecida como ordeo e mando, moi do gusto da dereita militarista e reaccionaria española.

O programa de destrución de dereitos individuais e colectivos no eido das relacións laborais en materia de emprego, contratación, flexibilidade, despedimento, condicións de traballo e no sistema de negociación colectiva supón atribuír case todo o poder á parte empresarial, pretextando que iso servirá para sermos máis competitivos e para crear emprego. O resultado da implementación das 34 normas ditadas neste bienio negro desminte tales obxectivos.

Os propósitos eran e son outros e van no rego de transformar o réxime social pactado na transición, baixo os imperativos destituíntes das clases dominantes, que buscan rachar calquera acordo social, recortar salarios e condicións laborais e aumentar a taxa de beneficios, vía o incremento da extracción do plusvalor. Traballar máis e peor e cobrar menos, na doutrina Díaz Ferrán, presidente dos emprendedores empresarios deste reino de España. Así, dende 2010 ate o terceiro trimestre do 2013, a acción combinada da suba do IPC (9,3%) e da redución dos custes laborais unitarios (8,5%) dan como resultado o derrubo dos custos laborais unitarios reais dun 18% en menos de catro anos.

Todo elo nun contexto de destrución neta de 3,6 millóns de emprego destruídos, cunha taxa de destrución de emprego no sector manufactureiro superior e co xogo perverso que supón destruír emprego indefinido para apenas paliar esa destrución con emprego

precario, temporal e coa subocupación maior das series históricas. Os contratos temporais supoñen xa o 92,3% do total dos contratos.

O balanço das contrarreformas patronais impulsadas polo PP, polo partido dos patróns –unha fracción dos cales logo o agradecen na contabilidade B do partido- confirma que se agudiza a destrución de emprego. Crece a pobreza e a desigualdade social, nun Estado onde case 4 millóns de persoas traballadoras no paro non dispoñen de protección social algunha.

Polo que o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral plenaria:

- Vai desenvolver o goberno galego unha política en materia laboral propia e alternativa a do goberno central?

Compostela, 11 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 11/02/2014 18:02:44

Yolanda Díaz Pérez na data 11/02/2014 18:02:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás previsións do Goberno do Estado de eliminación de 12 oficinas administrativas da seguridade social en Galiza.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social está planificando o peche dun terzo das oficinas do CAISS en próximas datas, ao parecer no primeiro semestre de 2014.

Actualmente en Galiza están operativas 36 oficinas da Seguridade Social, algunhas situadas nas cidades e outras en pequenas poboacións. Ao parecer os plans do Ministerio pasarían por eliminar 12 oficinas no noso territorio nacional.

Esta noticia suscita a preocupación do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego xa que afectará á poboación na medida en que sairá prexudicada recibindo cada vez un peor servizo, establecendo cada vez maior distancia entre a cidadanía e a estrutura administrativa, no canto de achegala e facer unha administración máis accesíbel e directa.

Ademais, por suposto de prexudicar ao emprego público, nesta deriva emprendida polo Sr. Rajoy e o Partido Popular de pretender simular un aforro a costa da eliminación de emprego público coa consecuencia de empeoramento dos servizos públicos.

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte pregunta para a súa resposta



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oral ante o Pleno:

Ten previsto realizar algunha actuación ante a administración do Estado para evitar o peche de oficinas en Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 11/02/2014 19:41:53

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Vicente Docasar Docasar e Marisol Soneira Tajés, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Os servizos públicos son piares fundamentais nunha sociedade que aspire a ser igualitaria e xusta. O texto constitucional que reconece ao Estado como “social e democrático de dereito”; mentres que o artigo 9.2 do mesmo texto esixe que os poderes públicos “promovan as condicións para que a liberdade e igualdade dos individuos e dos grupos que se integran sexan reais e efectivas”. Proclamación que recolle a norma Institucional Básica de Galicia, o noso Estatuto de autonomía, no artigo 4.

Os servizos públicos contribúen á obriga da Administración para garantir a igualdade e a calidade no acceso aos dereitos da cidadanía, e á promoción da solidariedade entre as persoas.

Dende a toma de posesión dos gobernos do PP as agresións ao sector público e aos dereitos das súas empregadas e empregados son continuos. Modificacións arbitrarias das RPT, amortización de prazas, supresión de servizos públicos, privatización deles, recortes salariais e laborais, son algúns dos exemplos da política da Dereita galega e española. O presidente Feijoo durante a campaña electoral anunciou que os empregados públicos xa se someteran a demasiados sacrificios e que el non lle imporíaa ningún máis nesta nova lexislatura. A súa palabra durou tanto coma a campaña electoral, xa que de inmediato se acometían novos recortes e a supresión das pagas extras.

Este Grupo Parlamentario ten denunciado reiteradamente eses recortes, así como ten esixido o Goberno galego reverter as políticas contra o sector público e os empregados públicos, atopando sempre o rexeitamento contumaz do grupo parlamentario do PP e do Goberno que sustentan.

Grupo Parlamentario

Mais agora a xustiza tense pronunciado a favor do funcionariado. A pesares da dura posición do PP, os tribunais están dando un tras outro a razón ás e aos empregados públicos que demandan o pago das pagas extras, inxusta e ilegalmente detraídas, reforzando así as reivindicacións do sector público.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sorprendentemente, e unha vez máis, o Goberno da Xunta, lonxe de acatar as resolucións xudiciais (como xa tiña feito no desacatamento ás sentenzas xudiciais que reprendía á Xunta respecto á vulneración do dereito á negociación colectiva), mantense en contra das reivindicacións dos empregados públicos e das resolucións xudiciais, nunha obstinación propia dunha visión autoritaria que non se cansa de exhibir.

En virtude do exposto as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Por que non acata o Goberno da Xunta as sentenzas que dan a razón ás empregadas e empregados públicos respecto das súas demandas de esixencia da percepción das pagas extras inxustamente detraídas?

Pazo do Parlamento 11 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 12/02/2014 10:36:58

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/02/2014 10:37:11

María Soledad Soneira Tajés na data 12/02/2014 10:37:23



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza en relación cos danos causados polos temporais.

Durante o último mes e medio Galiza padeceu unha sucesión de fortes temporais que deixaron importantes danos. Os seus efectos deixaron sentirse tanto en portos, como estradas e afectaron de maneira singular a sectores produtivos como o agro e a pesca. Porén, tamén se detectaron numerosos desperfectos en instalacións e infraestruturas públicas como centros escolares, polideportivos, comercios, vivendas e no medio ambiente en xeral.

É relevante o impacto que están a ter os fortes ventos e chuvias no sector pesqueiro e agrario. Semanas sen poder saír ao mar, lonxas valeiras, bancos marisqueiros anegados... provocan unhas perdas moi elevadas que lastran un sector que xa vivira situacións complexas. No caso do agro, as fortes chuvias anegaron cultivos ou impediron sementar outras. Así en zonas como A Limia, xa están solicitando a declaración de zona catastrófica polas importantes perdas rexistradas desde o mes de Decembro.

E indubidábel que os diferentes temporais deixaron tras de si un rastro de destrución ao seu paso que debe ser abordada canto antes coa finalidade de recuperar a necesaria normalidade. Cómpre ir avaliando os danos ocasionados e articular as medidas que sexan precisas tanto para reparar danos no patrimonio



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

público, como as perdas ocasionadas aos diferentes sectores económicos.

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para a súa oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza en relación cos danos causados polos temporais?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 12/02/2014 16:59:33

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Juan Manuel Fajardo Recouso e Antón Sánchez García, integrantes do GP da **Alternativa Galega da Esquerda,** ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral no Pleno,** relativa á privatización de AENA.

O furor privatizador do goberno do PP semella non resentirse diante das consecuencias de ineficiencia, onerosidade e corrupción que son a marca de fábrica desas políticas neoliberais. Tomando como punto de partida a malfadada decisión do goberno Zapatero, o PP pretende consumir a privatización, incrementando a parte enaxenada e tendo como horizonte o se desfacer da totalidade da participación pública de AENA, ente que agrupa un conxunto de empresas adicadas á xestión aeroportuaria e a provisión de servizos de navegación aérea, en particular os dos tres aeroportos galegos.

Privatización, coa entrada dun 60% do capital privado, que o goberno ultima malia non dispor na actualidade da normativa regulamentaria necesaria, en concreto do chamado documento de regulamentación aeroportuaria (DORA) para avanzar na concreción das tarifas e dos investimentos.

Mais cómpre sinalar que se o PP anda en privatizar esta rede é porque saben da súa rendabilidade mesmo en termos económicos. AENA obtivo o pasado exercicio un beneficio de 308 millóns de euros. Beneficio significativo porque é o que obtén da xestión específica do servizo público que ten encomendado.

Esta decisión é unha máis dentro da política de privatizacións que traslada as perdas ao sector público e os beneficios ao privado, é dicir, privatización dos beneficios e socialización das perdas. Dicimos isto, porque como é habitual o que se privatiza é porque resulta rendible e da beneficios, e moito nos tememos que o que se pretenda sexa privatizar os aeroportos rendibles y deixar ao marxe os que non o son.

Ademais de querer desfacerse dunha empresa pública que reporta beneficios, non se entende a decisión, se non é por intereses económicos privados, xa que a nivel

européo e mundial a privatización dos aeroportos non mellorou os servizos, prezos, condicións, seguridade e incluso na xestión das emerxencias.

É evidente que a débeda de AENA, xustificación da privatización, foi produto dunha política de inversións irracional, e que procuraba o beneficio das grandes construtoras, pero foron decididas polos que agora defenden a privatización, seica como saída a súa negligencia ou incapacidade para gobernar para o interese xeral. É fundamental unha política de inversións e xestión racional e que defenda o interese xeral, pero no caso de infraestruturas estratéxicas debe de facerse dende unha boa xestión pública.

A defensa dos servizo públicos e o mantemento dos postos de traballo son elementos claves da nosa preocupación e da nosa determinación de axudar na loita para evitar a privatización que argalla o PP. Cal sería a posición do noso país, perdidos para o capital os aeroportos, no que fai a esta modalidade de transporte público?

É tamén unha decisión transcendente para Galiza, que ten que ter unha posición nida, de maneira que os nosos intereses como país e na defensa deste servizo público non sufran merma algunha. Infraestrutura pública, financiada con recursos públicos e que serve a un interese público que supón ao redor do 8% do PIB estatal.

En atención á gravidade do exposto, o GP da Alternativa galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Vai defender o goberno diante do seu homólogo estatal a non privatización de AENA e o mantemento do carácter público da rede aeroportuaria, nomeadamente da galega?

Compostela, 13 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 13/02/2014 11:35:26

Antón Sánchez García na data 13/02/2014 11:35:34

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 13/02/2014 11:35:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás melloras a realizar na estación de autobuses de Pontevedra pola Consellaría de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas.

A Estación de Autobuses de Pontevedra foi construída pola Xunta de Galicia no ano 1980, nuns terreos de propiedade municipal situados entre a Estación de Ferrocarril e o río dos Gafos. Desde a súa construción até a actualidade, este equipamento case non foi obxecto de actuacións de conservación, mantemento e mellora. Nos últimos anos incrementouse notabelmente o seu deterioro, o que a converteu nun **espazo tétrico, desolado, sinistro e inaccesíbel**.

Ademais de resultar incómoda e desagradábel para os usuarios, a estación constitúe unha moi mala imaxe de Pontevedra, xa que para moitas persoas é a “porta de entrada” na cidade. Non é ningunha esaxeración afirmar que estamos ante o equipamento público urbano en uso que presenta un maior abandono e que constitúe polo tanto **a maior vergoña da cidade de Pontevedra**.

Entre as numerosas deficiencias e carencias detectables cabe sinalar:

i) GRAVES DEFICIENCIAS EN CANTO A ACCESIBILIDADE

As graves deficiencias en canto á accesibilidade e seguridade, que en moitos casos son inherentes á propia ubicación, características construtivas e dotación do edificio.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os principais problemas son os relacionados coa chamada “mobilidade vertical” debido ao **non funcionamento das escaleiras mecánicas (situación case permanente ao longo da historia da estación), do ascensor e do montacargas**. Trátase do problema máis grave deste equipamento público xa que na práctica **impide ou dificulta gravemente o uso das instalacións a persoas con mobilidade reducida, persoas maiores que teñen que transportar bultos pesados, persoas con carros de bebé, etc.**

Ademais, no edificio existen outros elementos que dificultan accesibilidade, a mobilidade e a seguraza como:

- a excesiva altura das dársenas,
- a falta de seguraza das escaleiras interiores, que teñen unha pendente moi acusada,
- deficiencias nos accesos peonís desde a Avda da Estación, tanto polas entradas principais como polas beirarrúas das ramplas de acceso e saída dos autobuses,
- mal estado do pavimento da explanada exterior de estacionamento e acceso.

ii) PROBLEMAS RELACIONADOS COA IMAXE XERAL, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO

A **falta de conservación e mantemento das instalacións**, atribuíbel en grande parte á concesionaria do servizo, concrétese principalmente nos seguintes aspectos:

- Estado xeral de abandono e falta de coidado das instalacións
- Paredes desconchadas e con manchóns de humidade
- Deficiente iluminación
- Mal estado xeral do mobiliario e do equipamento



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estado de abandono das oficinas e dos negocios, que teñen un nivel de aproveitamento mínimo.
- Deplorábel aspecto dos baños

iii) DEFICIENCIAS EN CANTO Á INFORMACIÓN A USUARIOS/AS

Resulta practicamente imposible encontrar na web a información sobre a estación, as empresas concesionarias e os servizos que se prestan. En canto á información dentro da propia estación, cabe salientar:

- A deficiente ou inexistente sinalética no interior e exterior do recinto
- A inexistencia de paneis informativos dinámicos e o nulo uso das innovacións tecnolóxicas, de maneira que os usuarios/as e usuarias teñen que informase mediante follas informativas situadas nas oficinas de cada compañía de transporte
- Inexistencia de información mediante megafonía
- Inexistencia de recursos informativos accesíbeis para persoas con discapacidade

Nin a empresa concesionaria da estación nin a Consellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas acometeron nos últimos anos os traballos e obras necesarios para a boa conservación das instalacións e a prestación dun servizo acorde coas necesidades da cidadanía.

Ante as numerosas queixas de usuarios/as do concello de Pontevedra, de colectivos veciñais e de grupos políticos, a Xunta de Galicia limitouse a publicitar anuncios de melloras que nunca chegaron a concretarse.

No ano 2011, a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia fixo pública unha auditoría que revelaba polo menos oito deficiencias importantes nas instalacións: escaleiras mecánicas “non operativas”, montacargas fóra de servizo, mal estado dos aseos, zona axardinada en mal estado de conservación, deficiente estado do alumeado, falta de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mantemento de teitos e paredes, valados perimetrais deteriorados, falta de mantemento da cuberta. No mes de setembro deste ano, a Xunta de Galicia fixo público un acordo polo que a concesionaria (Estación de Autobuses S.C.G) acometería un plan de mellora das instalacións. Transcorridos máis de dous anos, as deficiencias sinaladas pola auditoria persisten na súa maioría, agravadas con outras patoloxías e carencias como as anteriormente sinaladas.

No mes de **xaneiro de 2013**, a Dirección Xeral de Mobilidade presentou o **Plan Renove das estacións de autobuses de Galicia**. Naquela altura, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciou un investimento de 4,2 millóns de euros no período 2013-2016; o Plan anunciado prevía un investimento en 2013 de 1.234.183 € destinado a modernización das instalacións: mellora das escaleiras mecánicas e ascensores, rehabilitación de equipamentos como os servizos hixiénicos, paramentos e cubertas, patios de manobra e construción de novas dársenas. No Plan tamén se contemplaban outras actuacións de mellora como pintado de estruturas e paredes, substitución de mobiliario, sinalética, mellora dos paneis informativos, etc.

No mes de agosto de 2013, a Consellaría de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas anunciou **a licitación e adxudicación, despois do verán, de investimentos nas estacións de autobuses de Galicia por valor de 1,58 millóns de euros no marco do Plan Renove antes do remate dese ano**. Aínda que daquela se prevían actuacións na estación de Pontevedra, a realidade demostra que non se gastou un euro e que o deterioro e a abandono avanzan cada vez máis rápido convertindo a estación nun espazo marxinal e con cada vez menor uso.

Ademais da mala imaxe, da incomodidade, da inseguridade que transmite a estación, esta grave situación conculca gravemente os dereitos dos cidadáns, recollidos na lexislación autonómica, estatal e europea, nomeadamente en materia de accesibilidade. A este respecto cabe sinalar que o Regulamento EU 181/2011 sobre os dereitos dos viaxeiros de autobús e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autocar establece a obriga de ter en conta, nas renovacións das estacións, as necesidades das persoas con discapacidade ou con mobilidade reducida, así como a necesidade de mellorar o acceso á información aos viaxeiros. Se ben neste caso se trata dunha obriga das empresas concesionarias dos servizos, a administración autonómica debe actuar como garante dos dereitos das persoas que usan a estación.

Polo anteriormente exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que se fomenta o uso do transporte público en Galiza co mantimento de infraestruturas fundamentais para este fin como son as estacións de autobuses nun estado lamentabel, como é o caso da de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2014 12:23:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/02/2014 12:23:32

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Juan Manuel Fajardo Recouso, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no **artigo 155** do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á vulneración de dereitos laborais da plantilla da CRTVG.

Para manipular á opinión pública, para construír os simulacros comunicacionais que lexitimen ao goberno quisling que a troika ten residenciado en san Caetano, semella necesario controlar, prohibir, espiar, reprimir... así de mal están as cousas na CRTVG, compañía pública á que o actual goberno da Xunta impídelle cumprir cos cometidos da xestión directa dos servizos públicos de radiodifusión e televisión competencia deste país, Galicia, consonte os principios de independencia, pluralidade, obxetividade, neutralidade informativa e veracidade.

Sen consultar, sen negociar e sen acordar coa representación sindical da plantilla dítanse unhas normas sobre o uso dos sistemas informáticos e sobre as vestimentas da plantilla que alomenos hai que caracterizar como carentes de rigor e clareza. Semella que esta circular e resolución queren, na súa pretendida ambigüidade, ser unha arma disuasoria contra o exercicio dos dereitos políticos e laborais das traballadoras e traballadores do ente.

A normativa deixa ás claras que de non se cumprir o que virán son sancións disciplinarias. O goberno galego decide atallar as críticas que no ente sosteñen os traballadores e traballadoras respecto da manipulación informativa coa fórmula do ordeo e mando, iso si, con deliberada falla de clareza para facilitar o exercicio arbitrario do poder sancionador por parte da dirección do ente.

Molestan as camisetas e demais materiais que fagan notar calquera posición crítica respecto da nova orde feijooniana, a caracterizada pola propaganda, a impunidade para os corruptos e a venda dos intereses xerais da cidadanía ao mellor postor capitalista.

Molestan os traballadores e traballadoras, que son primeiro de todo cidadanía, e que polo tanto defendan os seus dereitos e mesmo esa legalidade que o PP infrinxe, e que poidan obter documentación coa que probar nos xulgados a sistemática de vulneración dos dereitos laborais da plantilla.

Polo tanto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla o goberno galego a retirada da resolución e circular impostas de xeito unilateral en materia de imaxe, vestimenta e actuación da plantilla e sobre os usos dos sistemas informáticos respectivamente, para a súa posterior negociación coa representación sindical das traballadoras e traballadores?

Compostela, 13 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/02/2014 12:39:34

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 13/02/2014 12:39:38

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, deputadas do **Grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno**, relativa os usos para o vello hospital Novoa Santos de Ferrol.

Un área sanitaria como a de Ferrol, maltratada polos incumprimentos e privatizacións dos gobernos do PP, non se pode permitir o luxo de pechar o centro público hospitalario Novoa Santos. Agora vai cobrando corpo, ameazante para as necesidades da sanidade pública, a vontade do PP de pechar este centro sanitario público.

Necesidades médicas insatisfeitas, problemas para garantir os recursos sociosanitarios, privatizacións de cote, como a do Juan Cardona, centro sanitario privado concertado que lle custa cada ano 6,5 millóns de euros públicos, cos que entre outras fornece os beneficios privados dos seus donos e coída un xardín on de resta o busto dun criminal do fascismo como o do golpista Camilo Alonso Vega, constitúen o panorama dunha política feita ex profeso contra a sanidade pública, polo seu carácter universal, gratuíto e libre do lucro privado.

Este Grupo Parlamentar considera que o hospital Novoa Santos garda un enorme potencial para fornecer a área sanitaria de Ferrolterra mediante o seu emprego para doentes crónicos e pluripatolóxicos, como centro nodular dos servizos sociosanitarios e como espazo para instalar un centro de referencia de enfermidades profesionais, en particular a derivada dos usos do amianto, tan tardiamente prohibido no noso país.

Este Grupo aposta por desenvolver os servizos hospitalarios públicos mediante a reactivación do Plan de Atención Primaria da área sanitaria de Ferrol suspendido polo PP. Porque os recortes e incumprimentos neste campo custáronlle a cidadanía de Ferrol investimentos por máis de 100 millóns de euros. Onde van, por exemplo, os compromisos orzamentarios para dotar e pór en funcionamento completo o que fora Hospital Naval?

Son tempos de pór ao máximo de funcionamento as instalacións e os equipamentos da sanidade pública para garantir ese dereito estatutario e constitucional á sanidade pública. Non de pechar ou inutilizar estes medios para favorecer os beneficios da sanidade privada tan ben conectada en A e en B cos mandatarios do PP.

Xa que logo, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Vai garantir o goberno galego que se manteña aberto e operativo o centro hospitalario público Novoa Santos para centro de crónicos e pluripatolóxicos, nodo de integración dos servizos sociosanitarios da comarca e centro de referencia de doenzas profesionais, en particular das derivadas do amianto?

Compostela, 12 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/02/2014 14:26:15

Yolanda Díaz Pérez na data 12/02/2014 14:26:18

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Hipólito Fariñas Sobrino, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Marisol Piñeiro Martínez, Javier Guerra Fernández e María Herminia Pouso Maneiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A finais do ano 2013 e no marco do Grupo de Traballo do Cantábrico Noroeste os representantes do sector pesqueiro galego, xunto co resto da flota do litoral cantábrico nas súas distintas modalidades, acadaron diversos acordos sobre o Plan de Xestión deste caladoiro.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Que valoración fai a Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro Cantábrico noroeste para o ano 2014?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/02/2014 13:17:36

Hipólito Fariñas Sobrino na data 13/02/2014 13:18:51

Vidal Martínez-Sierra López na data 13/02/2014 13:19:09

Berta Pérez Hernández na data 13/02/2014 13:19:16

María Soledad Piñeiro Martínez na data 13/02/2014 13:19:24

Javier Jorge Guerra Fernández na data 13/02/2014 13:19:33

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Maria Herminia Pouso Maneiro na data 13/02/2014 13:19:53

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Vidal Martínez-Sierra López, Rosa Oubiña Solla, Berta Pérez Hernández, Javier Guerra Fernández e María Herminia Pouso Maneiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería do Medio Rural e do Mar, en colaboración coa Consellería de Economía e Industria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) vén de anunciar a posta en marcha, de xeito experimental, do proxecto *Videoguard*, isto é dun sistema de videovixilancia intelixente para a prevención e persecución da pesca e do marisqueo furtivos.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Que valoración fai a Xunta de Galicia das posibilidades de uso destes recursos tecnolóxicos na protección e defensa dos recursos mariños?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/02/2014 13:23:02

María Soledad Piñeiro Martínez na data 13/02/2014 13:23:21

Vidal Martínez-Sierra López na data 13/02/2014 13:23:30

Rosa Oubiña Solla na data 13/02/2014 13:23:37

Berta Pérez Hernández na data 13/02/2014 13:23:44

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Javier Jorge Guerra Fernández na data 13/02/2014 13:23:51

Maria Herminia Pouso Maneiro na data 13/02/2014 13:24:01

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Vidal Martínez-Sierra López, Rosa Oubiña Solla, Berta Pérez Hernández, Javier Guerra Fernández e María Herminia Pouso Maneiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nas semanas finais de 2013 e durante os dous primeiros meses do novo ano veñen producíndose en Galicia varios temporais con mar de fondo, con ondas que superaron os 10 metros e que afectaron a todas as costas da nosa Comunidade Autónoma.

Temporais que combinaban copiosas choivas, mar de fondo e fortes ventos que deron como resultado importantes danos nas infraestruturas portuarias: en peiraos, diques, balizamentos, casetas de pescadores, zonas de varadoiro, estragos no material de apoio portuario, en paseos marítimos e ata en embarcacións.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Cales son as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos danos sufridos nas infraestruturas portuarias de toda a franxa costeira como consecuencia da incidencia dos sucesivos temporais?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/02/2014 13:28:00

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

María Soledad Piñeiro Martínez na data 13/02/2014 13:28:09

Vidal Martínez-Sierra López na data 13/02/2014 13:28:18

Rosa Oubiña Solla na data 13/02/2014 13:28:25

Berta Pérez Hernández na data 13/02/2014 13:28:31

Javier Jorge Guerra Fernández na data 13/02/2014 13:28:38

Maria Herminia Pouso Maneiro na data 13/02/2014 13:28:48

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A conselleira de Sanidade visitou hai uns meses o Hospital do Salnés (Pontevedra), coa fin de dar a coñecer as liñas mestras da ampliación do mesmo. Na súa exposición, a conselleira dixo que a licitación comezaría no mes de xaneiro de 2014, coa intención de empezar os traballos a mediados de ano. Estamos xa no mes de febreiro. E no último Consello da Xunta de Galicia do mes de xaneiro, o Hospital do Salnés non estaba na orde do día.

Estes retrasos veñen dende hai máis dunha década. E os propios responsables dos concello afectados teñen manifestado o seu malestar á consellería. Porque son necesarias as obras de ampliación de urxencias (cun espazo separado para nenos), a construción de cinco novos quirófanos, a creación dun hospital de día e a ampliación da área de obstetricia e reanimación, ademais dunha unidade de coidados críticos.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2014, hai varias partidas que, supoñemos, irán destinadas á ampliación do Hospital do Salnés. En concreto, 400.000 en equipamentos dos centros médicos de Vilagarcía, máis 3.542.479, denominada “actuacións FEDER Vilagarcía”. A Xunta de Galicia prometera 8 millóns de euros, aínda que este ano so se executaría a partida correspondente á zona de urxencias.

Todo isto non é unha cuestión sen relevancia posto que o prazo final, para poder recibir axudas da UE, remata en decembro de 2015.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Segue a ter a conselleira de Sanidade intención de empezar os traballos a mediados deste ano 2014?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2014 16:34:54

María Carmen Acuña do Campo na data 13/02/2014 16:35:02

María Carmen Gallego Calvar na data 13/02/2014 16:35:08

María Remedios Quintas Álvarez na data 13/02/2014 16:35:10

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e José Luis Méndez Romeu, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral pleno.

A partires do xoves 30 de xaneiro, os autónomos, comerciantes e calquera contribuínte que deba declarar o IVE á Axencia Tributaria, dependente do Ministerio de Facenda, deberá presentar o documento por Internet, ou o que é o mesmo, vía telemática. Ata o de agora, as autoliquidacións e as declaracións anuais do pago deste imposto podían presentarse vía telemática, de xeito voluntario, ou en papel, nas oficinas da Axencia Tributaria pero, a partir do día indicado, tanto a presentación como a liquidación debe realizarse obrigatoriamente a través da rede.

Esta nova situación que se presenta para autónomos, comerciantes e outros contribuíntes xa provocou a inquietude e incluso queixas nalgunhas oficinas da AEAT de España. Concretamente, as protestas refírense, sobre todo, á presentación do modelo 390, correspondente ao resumo anual do IVE de 2013, e que tivo que ser presentado antes de finais de xaneiro.

Neste senso, do que se queixan os cidadáns é que un contribuínte sen dominio da Internet vese obrigado, por primeira vez, a pagar entre 60 e 85 euros a un xestor administrativo para poder presentar as declaracións e liquidacións correspondentes a este imposto, pois, no caso de non facelo como indica a nova normativa do Goberno, cabe a posibilidade de interpoñerlle unha sanción de ata 1.500 euros.

Na actualidade, existen en Galicia 230.000 persoas que tiveron que realizar, por primeira vez, este trámite administrativo a través da rede. Para a Axencia Tributaria resulta moito máis sinxelo e, sobre todo, moito máis barato porque aforra os custos de persoal, pero non é así para os contribuíntes.



Grupo Parlamentario

Proba do anterior é que a maior parte dos particulares que obteñen unha pequena renda por un local ou piso que teñen en aluguer, ou os pequenos autónomos, son persoas de idade avanzada e pouco acostumadas ás novas tecnoloxías, polo que, nestes casos, a porcentaxe que non consegue realizar o proceso con éxito sen recorrer a un servizo privado, é elevada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Precisamente, o secretario de Administración Xeral do Estado de UXT e traballador do departamento de informática da AEAT recoñeceu publicamente que a aplicación é complexa e esixe moitos requirimentos técnicos que un particular non ten porque coñecer nin ter no seu ordenador. Así, por exemplo, a aplicación non funciona con todos os navegadores, tamén esixe a última actualización de Java e, os trámites a realizar, tampouco son sinxelos, xa que para poder acceder o usuario ten que dispoñer dunha certificación de sinatura electrónica ou obter un código provisional.

Outro dos problemas cos que se atopan os contribuíntes á hora de realizar a autoliquidación é que o sistema informático queda bloqueado xusto no último paso antes de validar o proceso. E, no caso das liñas telefónicas, por mor do aluvión de dúbidas dos declarantes durante o período no que o proceso están en marcha, tamén están saturadas.

Tendo en conta as deficiencias que presenta o sistema, logo da numerosas queixas recibidas e atrancos que provoca este proceso, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Apoia a Xunta de Galicia que o Goberno do Estado siga con esta medida que dificulta aos pequenos autónomos e aos pequenos contribuíntes galegos á realización da declaración e liquidación do IVE?

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2014



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 13/02/2014 17:25:22

José Antonio Sánchez Bugallo na data 13/02/2014 17:25:37

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 17:28:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, M^a Dolores Faraldo Botana, Antonio Mouriño Villar, Hipólito Fariñas Sobrino, Marisol Piñeiro Martínez e Román Rodríguez González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes en Sede parlamentaria este asunto.

A Xunta de Galicia vén de aprobar no seu último Consello de Goberno semanal a autorización para a resolución dos contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional, na Cidade da Cultura de Galicia, acordada mutuamente coas empresas afectadas.

Vimos de coñecer que ao abeiro deste acordo as devanditas empresas renuncian ao beneficio industrial que lles correspondía, polo que o Goberno galego non terá que afrontar o pago de indemnizacións por este concepto, dispoñéndose ademais un prazo de dous meses desde a sinatura da resolución para que as partes negocien a cifra a abonar ás sociedades involucradas en concepto de gastos incorridos debidamente xustificadas.

Así mesmo, as empresas afectadas dispoñen dunha opción de dereito de superficie pola que poden presentar -antes do 31 de decembro do presente ano- un proxecto arquitectónico, sempre baixo a súa responsabilidade e explotación, que deberá axeitarse aos obxectivos culturais e ao Plan estratéxico do Gaiás e que, polo tanto, requirirá de previa autorización por parte da Xunta de Galicia.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Dada a importancia do acordo adoptado, preséntase a seguinte pregunta para súa resposta oral en Pleno.

Que valoración fai a Xunta de Galicia do acordo recentemente acadado para resolver os contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional da Cidade da Cultura de Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 14/02/2014 18:31:25

Moisés Blanco Paradelo na data 14/02/2014 18:31:36

María Dolores Faraldo Botana na data 14/02/2014 18:31:43

Antonio Mouriño Villar na data 14/02/2014 18:31:51

Hipólito Fariñas Sobrino na data 14/02/2014 18:31:57

María Soledad Piñeiro Martínez na data 14/02/2014 18:32:05

Román Rodríguez González na data 14/02/2014 18:32:13

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Quintas Alvarez, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social creada ante estes feitos.

Segundo información que recibiu este grupo parlamentario, o Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) ten máis de 13.000 expedientes de pago en Galicia.

Isto supón un grave quebranto para a economía dos traballadores e traballadoras pendentes de recibir indemnizacións deste fondo, ante o seu despedimento.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para que os traballadores e traballadoras galegos poidan percibir estes fondos?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2014

Asdo.: María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Remedios Quintas Álvarez na data 17/02/2014 14:34:42



Grupo Parlamentario

María Carmen Gallego Calvar na data 17/02/2014 14:34:48

María Carmen Acuña do Campo na data 17/02/2014 14:34:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A urxencia vén motivada pola preocupación social creada ante estes feitos.

Os xornais recollen estes días que al menos 10 membros do Consello do Porto de Ferrol cobraban por acudir as xuntanzas dese consello sen asistir a elas.

É o caso da conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, que sendo xerente do Sergas tamén formaba parte do Consello do porto ferrolán en representación da Xunta de Galicia.

Xornais, que aseguran que daquela cobraba as dietas, aínda que non asistía ás sesións.

Tras ser nomeada conselleira deixou de pertencer a ese consello portuario. Pero dende setembro do 2009, en que empezara, acumulou polo menos sete ausencias polas que habería percibido a dieta correspondente.

A sanidade galega está moi alarmada coas noticias que un día si e outro tamén cuestionan a honestidade da Sra. Mosquera. Non é tolerable que mentres Feijóo e Mosquera nos recortan perigosamente o Sistema Sanitario Público, nos imponen repagos crueis como o da farmacia hospitalaria e privatizan a nosa sanidade, pero si reservan, sen embargo para eles, dietas millonarias repartíndose cargos e postos entre os seus.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno

Como é posible que ante todos estes feitos coñecidos e probados a conselleira, avalada polo Sr. presidente, aínda continúe no seu posto?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Carmen Gallego Calvar

María Quintas Alvarez

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 17/02/2014 16:13:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Gallego Calvar na data 17/02/2014 16:13:35

María Remedios Quintas Álvarez na data 17/02/2014 16:13:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez e Juan Manuel Fajardo Recouso, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente**, relativa as axudas necesarias o sector do mar do noso país.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

As condicións meteorolóxicas así como outros incidentes de tipo natural (mareas vermellas...) teñen provocado que asistamos, segundo verbas do propio sector, ao peor inverno nos últimos 35 anos en canto a capturas e días hábiles de mar.

Esta situación evidentemente fai que as nosas xentes do mar acumulen varios meses sen apenas ingresos, a pesar do cal, teñen que facer fronte de igual xeito os custes fixos da súa actividade e o sustento familiar, dende a baixura, o sector mexiloeiro ou o marisqueiro, están a denunciar dende moito tempo que a situación de ingresos veuse reducida de forma moi importante nos últimos anos, feito ao que agora se suma esta situación de emerxencia económica e polo tanto social, xa son moitos os traballadores e traballadoras do mar acuciados polos súas entidades financeiras, que teñen en risco os seus medios de vida ou incluso as súas vivendas.

En atención a estas razóns os deputados e deputadas que subscriben, formulan a seguinte pregunta de carácter urxente, para a súa resposta oral no Pleno:

Ten considerado o goberno galego implementar de forma urxente unha liña de axudas, suficiente, que contribúa a superar a actual situación de crise económica brutal das nosas xentes do mar ?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2014.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Yolanda Díaz Pérez

Juan M. Fajardo Recouso

Deputados e deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 17/02/2014 17:49:30

Yolanda Díaz Pérez na data 17/02/2014 17:49:42

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 17/02/2014 17:49:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta en **Pleno, polo trámite de urxencia**, relativa á liña ferroviaria Ourense-Santiago.

A urxencia está xustificada ante o recente auto publicado polo xuíz Alaez.

O accidente na curva da Grandeira, unha traxedia na que faleceron 79 persoas, mostrou carencias nos sistemas de seguridade das liñas chamadas de alta velocidade.

Ademáis do esclarecemento das responsabilidades do accidente, e fundamental correxir aqueles aspectos necesarios para que non se volte a producir un accidente destas características.

A ministra de Fomento, Ana Pastor, anunciou unha batería de 20 medidas correctivas.

Non se puxo un prazo para executar estas melloras, que supoñen revisar toda a rede ferroviaria e os sistemas de seguridade. A aquel grupo inicial de reformas sumáronse outras achegadas polas vítimas, como a suxeición dos asentos ao arco estrutural do tren ou estudar o uso do cinto de seguridade, medidas que a ministra formulou no último Consello de Ministros de Transporte da UE.

Polo declarado pola ministra todo está en revisión medio ano despois.

Dentro das medidas anunciadas non se atopa restaurar na liña Ourense-Coruña as características de ancho de vía e seguridade do proxecto orixinal, e polo tanto dotar a ésta liña das características dunha liña de alta velocidade propiamente dita, despois de que o “cambiazoo” executado polo Ministerio de Fomento mediante a autorización do 25 de abril de 2011.

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para

resposta oral en pleno:

Defende a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Fomento que se remate o proxecto, no tramo Ourense-Santiago, coas características de ancho de vía e medidas de seguridade do proxecto orixinal, modificado por orde ministerial do 25 de abril de 2011?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 17/02/2014 18:02:49

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luís Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Que posición vai defender o presidente da Xunta de Galicia diante da reforma da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 17/02/2014 11:23:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, Portavoz do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que pensa facer para que as mulleres non teñan que ir a abortar a Portugal?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/02/2014 12:18:19



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Vicevoceira do Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), Voceira aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 29 de xaneiro de 2002, presenta a seguinte PREGUNTA dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral no Pleno.

- Que medidas vai adoptar a presidencia da Xunta de Galicia para atallar a vaga de corrupción que ateiga as institucións públicas galegas?

Compostela, 17 de febreiro do 2014

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/02/2014 17:45:48

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓN
- 1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓN
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPONSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN
- 1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓN
 - 4.2. CORRECCIÓN DE ERROS
-



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727